PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES DE SAR.

CURSO 2020-21

ÍNDICE

INTRODUCIÓN....3
MARCO LEXISLATIVO....3
CARACTERÍSTICAS DO IES DE SAR....5
OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN....6
PROFESORADO DO DEPARTAMENTO....6
ÁMBITOS DE APLICACIÓN....7
PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.A.D.)....8
ANALISE DE NECESIDADES....8
PREVISIÓN DE ALUMNADO CON N.E.E....9
OBXECTIVOS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....10
TIPOLOXÍA DO ALUMNADO....11
PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN....15
RESPOSTA EDUCATIVA....17
ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN....20
ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS CO ALUMNADO CON NE.E.E....22
PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA....24
RECURSOS....26
AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO P.A.D....26
ANEXOS....27
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL....35
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO....35
ANALISE DE NECESIDADES....35
OBXECTIVOS....35
ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO EN RELACIÓN AO P.A.T....36
BLOQUES DE ACTIVIDADES....37
GUIÓN DO PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL POLA COVID....42
CELEBRACIÓNS ESPECÍFICAS AO LONGO DO CURSO....43
SECUENCIACIÓN DAS ACTIVIDADES DE TITORÍA....44
METODOLOXÍA DA ACCIÓN TITORIAL....56
CADRO DE TITORES NO CURSO 2020-21....58
HORARIO DE COORDINACIÓN DO PAT....59
AVALIACIÓN DO PAT....59
PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)....60
ANALISE DE NECESIDADES....60
OBXECTIVO XERAL....60
PRINCIPIOS METODOLÓXICOS....60
OBXECTIVOS....60
ACTIVIDADES....61
RECURSOS....62
TEMPORALIZACIÓN....62
SECUENCIA DAS ACTIVIDADES....62
AVALIACIÓN DO P.O.A.P....64
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES....65
COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN....66
HORARIO DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO....66
ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NO CASO DE CONFINAMENTO 67
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN....67

INTRODUCIÓN

A **LOMCE** (Lei 8/2013), establece como un dos seus principios "a orientación educativa e profesional dos estudantes, como canle necesaria para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos , valores e destrezas".
No Título II, Equidade da Educación, remarca a especial atención que dentro da escolaridade obrigatoria, deben ter as medidas de atención á diversidade, deixando de ser unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto no principio reitor desta actividade.
Ademais establece que na E.S.O. prestarase especial atención a orientación educativa e profesional do alumnado.
A atención educativa debe garantirse dende as primeiras idades do alumnado para permitir a prevención e detección temperá das súas dificultades no desenvolvemento persoal e de aprendizaxe.
Así, enténdese a Orientación como un proceso que inclúe a toda comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e continúa ao logo de toda a vida. Dentro deste marco, o Decreto 120/1998 do 23 de Abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde (DOG do 31) que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.
O Plan de orientación que a continuación se especifica é unha aposta desde o departamento de orientación para organizar e desenvolver diversos aspectos da atención educativa que oferta o IES de Sar ao seu alumnado.
Como toda formulación de futuro, é unha previsión do que se desenvolverá ao longo do curso e polo tanto, entre as características que o acompañan está a modificabilidade, substitución ou implantación de novos aspectos.
O presente curso 2020-21 é un curso académico excepcional, que está mediatizado pola pandemia COVID-19. A persistencia desta pandemia obrigou ás administracións a adoptar medidas excepcionais. Medidas moi variadas que perseguen a seguridade das persoas e a continuidade da atención educativa. Primordial na vida das persoas. Neste momento é importante manter unha atención educativa a todo o alumnado, pero sobre todo ao alumnado mais vulnerable, con necesidades educativas especificas ou con outro tipo de necesidades.
Neste Plan establécense tres grandes áreas de actuación ou Plans: Plan de atención á diversidade (PAD), Plan de acción titorial (PAT) e Plan de orientación académica e profesional (POAP).
Estes apartados iranse desenvolvendo en tres planificacións distintas, pero aquí faise un debuxo esquemático do que se pretende en xeral.
A programación foi aprobada na reunión de departamento do día 25 de setembro de 2020

MARCO LEXISLATIVO

O desenvolvemento da orientación educativa e profesional, concrétase nas seguintes disposicións lexislativas:
-DECRETO 324/1996 pola que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.
-ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
-DECRETO 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na C. A. de Galicia.
-ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional nesta Comunidade Autónoma.
-LEI Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.
-DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
-ORDE do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
-CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais.
- CIRCULAR 8/2009 da Dirección xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.

- CIRCULAR 10.2010 da Dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma
- DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- LEI 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade.
- A LEI orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- ORDE do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15.
- ORDE do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15
- ORDE do13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do...
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia. Para o curso 2020-2021. Versión 16-09-2020

CARACTERÍSTICAS DO IES DE SAR

As características do centro están descritas en outros documentos organizativos do centro. Dunha maneira resumida, o IES de Sar caracterízase polo seguinte:
Centro situado no centro da cidade de Santiago. A zona de influencia é bastante ampla, abarcando ata a zona de Lavacolla. Sen embargo, o alumnado escolarizado en ESO é baixo. Escolariza alumno estranxeiro e alumnos de etnia xitana.
Ao longo do curso, segundo a experiencia destes anos anteriores, escolarízanse vario alumnado procedentes de outros centros da cidade por sanción e por traslado
En termos xerais a colaboración familiar é normal. Só en determinados casos puntuais as familias non colaboran na medida que se lles solicita, nos casos do alumnado que levan unha evolución escolar normal, pero nos casos de alumnos conflitivos, as familias non prestan a colaboración necesaria
No curso 2020-21 damos atención educativa nos módulos Ciencias Aplicadas I e II e Comunicación e sociedade I e II ao alumnado de F.P. Básica do CIFP Compostela das especialidades de Cociña e Restauración, Aloxamento e lavandería e Artes Gráficas de 1º e 2º
O número de unidades e de alumnos no curso 2020-21 é o seguinte:

NIVEL EDUCATIVO		UNIDADES	ALUMNOS
ESO	1º ESO	2	37
	2º ESO	2	34
	3º ESO	1	27
	4º ESO	2	25
BACHARELATO	1º ARTES	4	79
	1º CIENTÍFICO	1	13
	1º HUMANIDADES	1	17
	2º ARTES	3	64
	2º CIENCIAS	1	14
	2º HUMANIDADES	1	22

Este departamento ten adscrito o departamento de orientación dos CEIPs Santiago Apóstol, Mestre Rodríguez Xixirei e Ramón Cabanillas.

Ademais no centro recibe atención educativa o alumnado de F.P.B. das especialidades de Aloxamento e Lavandería e Artes Gráficas. Impártense os módulos sociolingüístico e científico-matemático. A titoría e orientación pertencen ao CIFP Compostela

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A) Co Centro	
*	Colaborar na actualización do Proxecto Educativo nos diferentes aspectos
*	Asesorar en cuestións de adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica, programas de mellora da aprendizaxe , etc.
*	Contribuír á realización de estudios e análise sobre as necesidades do alumnado
*	Contribuír, en xeral, ao desenvolvemento dos elementos que fan posible unha educación personalizada
*	Colaborar na planificación e organización de actividades educativas.
*	Promover a cooperación entre o Centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación do alumnado.
*	Achegar unha competencia psicopedagóxica especializada á acción educativa do Centro.
*	Conseguir que a comunidade educativa asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa do alumnado.
	B) Co alumnado:
*	Potenciar a orientación a todo o alumnado.
*	Axudar ós alumnos nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, elección de distintas materias optativas, continuidade de estudios, mundo laboral, etc.
*	Proporcionar unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada.
*	Facilitar información sobre o mundo laboral e saídas académicas e laborais ás que se pode optar tras os estudios de Secundaria.
*	Adaptar a acción pedagóxica ás necesidades do alumnado mediante as actuacións curriculares establecidas: adaptacións, programas de mellora, etc.
*	Contribuír á introdución de metodoloxías didácticas innovadoras.
	C) Co profesorado:
*	Transmitir información acerca da avaliación psicopedagóxica do alumnado e, en xeral, sobre as características persoais destes.
*	Asesorar en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado, con especial atención ó tratamento flexible da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
*	Coordinar o traballo de titorías e asesorar no desempeño da función titorial.
*	Facilitar a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.
*	Demandarlles colaboración nas actividades promovidas polo departamento.
*	Asistir na posta en práctica de relacións humanas, dinámica e xestión de grupos, entrevistas, liderado, etc.
*	Orientar tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
*	Colaborar na detección de problemas educativos, de desenrolo e/ou aprendizaxe que presenten o alumnado e a pronta intervención para tratar de remedialos.
	D) Coas familias:
*	Cooperar na relación titores-familia na solución de problemas que afectan ós fillos.
*	Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos
*	Demandarlles colaboración para as actividades que se realizan no Centro.

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Pedagoxía terapéutica: Marina Lema
Profesores de ámbito: Este curso non teremos PMAR
Profesor de Audición e linguaxe: Unha profesora do CEIP Ramón Cabanillas dedicará 6 sesións semanais para dar apoio de Audición e Linguaxe a 3 alumnos de 1º e 2º de ESO
Orientador: Jesús García Villamisar, que tamén é o Xefe de Departamento.

ÁMBITOS DE APLICACIÓN

A actividade do departamento de orientación desenvólvese en tres ámbitos de actuación principais: titoría na ESO e no Bacharelato, atención ás dificultades de aprendizaxe e á diversidade do alumnado e orientación académica e profesional. Esta actividade recóllese nos seguintes Plans de actuación:

1.- Plan de Atención á diversidade: Pretende articular medidas no Centro que permitan a personalización no proceso de ensino e aprendizaxe ao alumnado, mellorando a resposta educativa ao mesmo, sexa cal sexa a súa situación persoal e social.

2.- Plan de Actuación titorial. Articula as medidas de acción titorial e orientadora do profesorado do centro, coordinados polo titor, para lograr o desenvolvemento da identidade persoal do alumnado e a súa autonomía na aprendizaxe.

3.- Plan de Orientación Académica e Profesional. A súa finalidade é conseguir que o alumnado aprenda a planificar o seu proxecto persoal de vida, partindo da superación das condicións previas por razón de xénero, raza, nivel económico ou cultural ou de calquera outra índole.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.A.D.)

No Instituto de Sar consideramos que nos grupos educativos existe unha variabilidade de necesidades, intereses, motivacións, expectativas, ritmos de maduración, condicións socioculturais e capacidades ás que se debe proporcionar unha resposta educativa de calidade ao longo da escolaridade, e que se concreta na diversidade como característica intrínseca de todos os grupos humanos.
A educación como dereito básico, de carácter obrigatorio, recollido na Constitución debe entenderse como unha ferramenta para que o alumnado, independentemente das súas circunstancias persoais, sociais, culturais, étnicas ou de calquera outra índole, logre o desenvolvemento de todas as súas potencialidades, e que adquira a bagaxe cultural que lle permita converterse en membro de pleno dereito desta sociedade.
A partir de aquí entendemos a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo tentan previr e dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e entre eles aos que requiren unha actuación especifica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural ou de saúde, de altas capacidades, de compensación lingüística, de discapacidade física, psíquica ou sensorial ou con trastornos graves da personalidade, da conduta ou do desenvolvemento, ou de graves trastornos da comunicación e da linguaxe.
Debemos incorporar as diferenzas, que contribúen ao desenvolvemento de valores tolerantes e de aceptación dos demais, procurando unha atención personalizada que fomente a integración e preveña ou compense os procesos de exclusión social nunha contorna ordinaria, dentro dun grupo sobre o que tanto global como persoalmente existan expectativas amplas de progresión educativa.
O plan de atención á diversidade é o documento no que se recollen as medidas organizativas, preventivas e de intervención que adopta cada centro para facilitar o acceso ao currículo do alumnado, en función das súas necesidades e características, con obxecto de contribuír á superación das dificultades que presente.
Na atención á heteroxeneidade do alumnado, elabórase o presente Plan de Atención á Diversidade que ten en conta a normativa e lexislación vixentes así como as indicacións que se recollen á hora de atender ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais, ao Alumnado Estranxeiro e de Minorías, ao alumnado con altas capacidades e de rendemento académico alto, ao alumnado con Dificultades de Aprendizaxe e ao alumnado que pola súa inasistencia a clase orixinan o absentismo escolar.
O Instituto de Sar desde os principios que moven a súa actuación educativa e que ten sinalados no PEC proponse ter en conta as indicacións que a continuación se expoñen.

ANALISE DE NECESIDADES

As característica do entorno están recollidas nos diversos documentos organizativos do centro. En todo caso, e coa finalidade de concretar este plan, descríbese as necesidades previsibles para este curso, baseándonos na información achegada polos centros adscritos e a información recollida o curso pasado:
- O medio sociolingüístico e cultural, nalgúns casos é bastante precario
- As expectativas familiares nos ámbitos académico e laboral son baixas
- Os centros de procedencia do alumnado seguen unha liña de actuación no relativo ás N.E.E. en concordancia co establecido por este departamento
- Hai alumnado estranxeiro, moitos de procedencia hispanoamericana
- A maioría das dificultades tratadas o curso pasado están referidas a atrasos na aprendizaxe escolar.
- Hai algunhas incidencias de conduta
- A maior parte das intervencións referidas a dificultades de aprendizaxe e problemas condutuais céntranse no 1º e 2º curso
- Resulta moi complicado, por varias razóns, realizar os apoios na aula
- En consecuencia co anterior, a atención á diversidade contémplase desde as seguintes modalidades:

A.- Traballo individualizado na aula por parte do profesor da materia correspondente
B.- Que o alumno realice en tempo extraescolar algunhas actividades deseñadas polo profesor da materia, ou polo profesor de apoio
C.- Traballo individual ou en pequeno grupo na aula de apoio.

PREVISIÓN DE ALUMNADO CON N.E.E.

ALUMNADO DO ESPECTRO AUTISTA	1 alumno en 1º de ESO, 2 en 1º de bacharelato e 1 en 2º de bacharealto
DEFICIENCIA SENSORIAL	1 en 2º de ESO e 1 en 3º os dous con audífonos
ATRASO ESCOLAR POR DIVERSOS MOTIVOS: incorporación tardía ou procedente de outros sistemas educativos	Varios en 1º, 2º, 3º 4º
TDAH	Varios en todos os cursos.
CASUÍSTICA SOCIOFAMILIAR	Neste momento tense coñecemento de 3 alumnos en 1º de ESO, pero é posible que aumente a cifra
ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUAL	Posiblemente 4 alumnos 1º de ESO e 2 en 2º de ESO. Adaptacións metodolóxicas para alumnado de bacharelato (2 en 1º e 1 en 2º).
ALUMNADO INMIGRANTE	Varios, que xa están integrados no sistema, ou que son de nova escolarización. Unha alumna saharauí en 3º.
ALTAS CAPACIDADES	Un alumno en 2º de ESO (un curso adiantado), 2 en 2º de Bacharelato (unha alumna con un curso acelerado),

OBXECTIVOS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os **principios reitores** que van guiar a organización deste Plan son:
a. A atención á diversidade co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades.
b. A normalización e a equidade que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación, e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
c. A adecuación dos procesos educativos ás características e necesidades do alumnado.
d. A prevención dende o inicio da escolarización no IES e ao longo de todo o proceso educativo.
e. A colaboración propiciando e alentando o compromiso de todos os sectores educativos e das institucións e da sociedade para lograr unha atención axeitada e eficiente ao alumnado que o requira.
f. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas, ritmos de aprendizaxe e necesidades do alumnado.

Obxectivos xerais

1.- Potenciar, a través dos mecanismos oportunos de asesoramento, a elaboración e aplicación dun Proxecto Educativo inclusivo que recolla medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares facilitadoras da atención á diversidade do conxunto do alumnado.
2.- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades de aprendizaxe.
3.- Optimizar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, potenciando a súa inclusión educativa e a súa adaptación escolar.
4.- Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en equidade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas educativas correspondentes.
5.- Mellorar o proceso de elaboración de adaptacións curriculares, permitindo así unha atención educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado destinatario das mesmas.
6.- Potenciar os Programas de mellora da aprendizaxe, concibíndoos como unha medida educativa que permita atender as dificultades de aprendizaxe e aumentar as opcións de titulación do alumnado.
7.- Reforzar os instrumentos que garantan a equidade na educación, asesorando no deseño, desenvolvemento e avaliación de plans e programas de compensación educativa e de reforzo e apoio escolar.
8.- Mellorar a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado, en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de inmigrante, por pertencer a minorías étnicas ou a familias en situación complexa ou problemática.
9.- Contribuír aos procesos de avaliación, seguimento e orientación do alumnado proposto para se incorporar a un ciclo básico de F.P.
10.- Coordinar actuacións e recursos con servizos e axentes externos .
11.- Colaborar e coordinar actuacións coas familias do alumnado destinatario das distintas medidas de atención á diversidade.

TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

A.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Entenderase como alumnado "con necesidades específicas de apoio educativo", aquel que presenta necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe, por trastornos por déficit de atención, con ou sen hiperactividade, por especiais condicións persoais ou de historia escolar, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por altas capacidades intelectuais, e que poidan requirir determinados apoios en parte ou ao longo da súa escolarización.
	Considérase que o alumno ou alumna manifesta "necesidades educativas especiais" cando require, durante un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas por presentar unha discapacidade, un trastorno xeneralizado do desenvolvemento ou un trastorno grave de conduta

B.-Alumnado con discapacidade:	1.- Enténdese que o alumno ou alumna ten "necesidades educativas especiais asociadas a unha discapacidade" cando presenta limitacións que afectan ao seu proceso de aprendizaxe a causa dunha discapacidade intelectual, motora, visual ou auditiva, permanente ou transitoria, e que pode requirir, durante un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas.
	2.- Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por discapacidade intelectual", cando manifesta limitacións substanciais no seu funcionamento actual con implicacións importantes na súa aprendizaxe escolar. Caracterízase por unha capacidade intelectual xeral significativamente inferior á media, e acompáñase de limitacións na capacidade adaptativa na vida diaria e no xeito de afrontar as actividades de autonomía persoal propias do seu grupo de idade, orixe sociocultural e situación comunitaria.
	3.- Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por discapacidade motora" cando manifesta de xeito transitorio ou permanente algunha alteración no seu aparato motor por unha disfunción no sistema óseo ou articular, muscular ou nervioso, que en graos variables limita algunhas actividades dos hábitos da vida diaria que poida realizar o resto do alumnado da súa mesma idade e que teña implicacións importantes na súa aprendizaxe escolar.
	4.- Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por discapacidade visual" cando manifesta cegueira ou diminucións visuais graves en ambos os dous ollos coa mellor corrección óptica e con implicacións importantes na aprendizaxe escolar.
	5-. Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por discapacidade auditiva" cando, dende a súa detección, existe xordeira total ou hipoacusia nos seus distintos graos, independentemente do tipo de perda, e a funcionalidade da súa audición leva consigo implicacións importantes na súa aprendizaxe, especialmente no desenvolvemento das capacidades comunicativas e da linguaxe. 6.- Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por trastorno xeneralizado do desenvolvemento" cando manifesta alteracións cualitativas nas características propias da interacción social, das formas de comunicación ou por presentar un repertorio repetitivo, estereotipado e restritivo de intereses e actividades. Estas anomalías cualitativas son unha característica xeneralizada do comportamento do alumnado en todas as situacións e poden requirir, durante un período de escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas.
	7.- Un alumno ou alumna presenta "necesidades educativas especiais por trastornos graves de conduta" cando mostra alteracións mentais, emocionais ou do comportamento de carácter grave e que, de forma duradeira no tempo, limitan o seu axeitado desenvolvemento educativo, a súa capacidade de axuste e

	adaptación respecto aos seus compañeiros e á forma de afrontar situacións cotiás e de resolución destas e poden requirir, durante un período de escolarización ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas.
	8.- Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo debido a "dificultades específicas de aprendizaxe" cando mostra algunha perturbación nun ou máis dos procesos cognitivos básicos implicados no emprego do linguaxe falada ou escrita. Estas alteracións poden aparecer como anomalías ao escoitar, falar, pensar, ler, escribir ou ao realizar cálculo aritmético, con implicacións relevantes na súa aprendizaxe escolar.
	9.- Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo debido a un "trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade" cando a súa conduta manifesta un patrón persistente de desatención ou hiperactividade e impulsividade que é significativamente máis frecuente e grave que o observado en escolares da súa idade, repercutindo de xeito negativo na súa vida escolar, familiar e social.
	10.- Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo "por especiais condicións persoais ou de historia escolar" cando presenta problemas na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición dos obxectivos e competencias básicas respecto aos seus coetáneos, motivados por limitacións socioculturais, por escolarización desaxustada, por incorporación tardía ao sistema educativo sen a adecuada escolarización previa, por condicións persoais de saúde ou funcionais, por alteracións na comunicación, a linguaxe ou o fala ou pola combinación de varios dos motivos mencionados. Estes problemas non se deben a unha discapacidade, a un trastorno ou a unha dificultade específica de aprendizaxe.
	11.- Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo "por unha integración tardía no sistema educativo" cando, por proceder de outros países ou por calquera outro motivo, se escolariza de forma tardía e presenta problemas para acceder á adquisición dos obxectivos e competencias básicas respecto a os seus coetáneos.
	12.- Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo "por alta capacidade intelectual" cando manexa e relaciona de xeito simultáneo e eficaz múltiples recursos cognitivos diferentes, de tipo lóxico, numérico, espacial, de memoria, verbal e creativo, ou ben destaca especialmente e de xeito excepcional no manexo dun ou varios deles.

C.-Alumnado Inmigrante.	Todas as medidas de actuación, xerais e específicas, están reflectidas no Plan de Acollida do Instituto. O que se recolle no presente PAD son cuestións de funcionamento concretas para axilizar ou complementar a atención a este alumnado que sempre estarán enmarcadas como o sinalado máis arriba para o alumnado con n.e.e. e de compensatoria.
	Hai dous grupos de alumnado:
	A.- <u>Alumnado que ten un coñecemento suficiente das linguas castelá e/ou galega como para seguir con normalidade clases co grupo en que se escolaricen</u>, constituídos por alumnos principalmente latinoamericanos e outros que estean escolarizados en España Actuación educativa: De maneira xeral levará a cabo actuación sinalada máis arriba. O Departamento de Orientación asumirá as seguintes funcións: 1.- Realización da entrevista inicial. 2.- Avaliación inicial do nivel de dominio da lingua e colaboración cos outros Departamentos na avaliación do Nivel de Competencia Curricular das áreas instrumentais (lingua e matemáticas). 3.- Elaboración do Informe Psicopedagóxico 4.- Orientación sobre a planificación das aprendizaxes, a acción titorial e as adaptacións curriculares necesarias. 5.- Apoio fora da aula para a adquisición de competencias comunicativas.

	6.- Achega, adaptación e elaboración de materiais para traballar a aprendizaxe do castelán.
	B.- Alumnos estranxeiro que non ten un coñecemento suficiente das linguas castelá e galega como para seguir con normalidade clases co grupo en que se escolaricen.
	Actuación Educativa:
	Seguiranse as indicacións que aparecen no ANEXO 2 sobre "Pautas a seguir co alumnado que se incorpore iniciado o curso escolar". A coordinación cos demais profesores será similar a como se establece para os alumnado con n.e.e.. Este alumnos asistirá a apoio fora da aula coa profesora Especialista durante o tempo que se considere necesario para seguir co maior aproveitamento as materias. Estarán co especialista todo o tempo de docencia que teña no seu horario. O resto das materias realizarán traballos indicados pola profesora Especialista.

D.-Alumnado con Dificultades de Aprendizaxe.	1. Alumnos que presenta dificultades severas no coñecemento das áreas instrumentais de Linguaxe e/ou matemáticas.
	2. Alumnos que presenta dificultades lixeiras no coñecemento dalgunha das áreas do currículo e que son detectados ao longo do curso polos profesores destas áreas.
	3. Alumnos que manifesta un comportamento disruptivo nas diferentes clases ben por atoparse perdidos academicamente, ben por falta de motivación no estudo ou na contorna familiar.
	D.1.- Detección de Necesidades:
	1º ESO. Ao final de curso ou principio do novo solicitarase información mediante unha reunión cos orientadores dos centros de primaria adscritos, para establecer o alumnado que deberían cursar Reforzo de Lingua ou de Matemáticas en lugar de 2ª Lingua estranxeira, Francés. 2º ESO e repetidores de 1º ESO, 3º e 4º ESO: No acta da sesión de avaliación final, os titores deixarán constancia do alumnado que, en opinión do equipo docente, presentan algunhas das dificultades sinaladas. Xefatura de Estudos, seguindo estas indicacións, incluirá ao alumnado nun grupo ou outro, tratando de que estean o máis equilibrados posible. Na Avaliación inicial, o equipo docente, unha vez pasadas as primeiras semanas do curso, valorará se a detección foi a adecuada ou hai que facer algunha modificación dos grupos por algunha destas causas. En cada unha das avaliacións, o titor xunto co equipo de profesores, valorará a necesidade de que o alumnado continúe recibindo a mesma atención ou é preciso facer modificacións (sobre todo no caso de alumnado de Reforzo e grupos disruptivos). Esta valoración é fundamental na sesión de avaliación final.
	D.2.-Actuacións:
	a) Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas ás súas características e necesidades. b) Organizar grupos de reforzo. Contemplar a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e na distribución inicial dos agrupamentos. c) Docencia compartida, que estará en función das características e das necesidades do alumnado e dos grupos, posibilitando a intervención simultánea de varios profesionais

.

E.- Alumnado de Altas capacidades	As medidas que se adoptarán co alumnado con sobredotación intelectual, son as admitidas e reguladas na lexislación vixente: reforzo educativo (entendido como profundización no currículo), adaptación curricular e, no seu caso, aceleración . A atención destes alumnos son, en xeral, as establecidas para a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas: detección, información do

profesorado, entrevista a familia e alumnado, valoración psicopedagóxica, informe, adopción das medidas necesarias para atender axeitadamente ao alumnado

F.- Alumnado con TDAH

Segundo se explica no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, "a presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario."

Para contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a Consellería ten publicado un protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia, nos ámbitos educativo e sanitario, no seguinte enlace: http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal. Neste punto destácanse os anexos do punto 8 de Orientacións xerais para a Prevención e a intervención psicoeducativa deste protocolo. Especialmente o 8.1.1 (Prevención e intervención na organización do centro educativo) e o 8.1.2. (Prevención e intervención dentro da aula), xa que son o referente do noso centro para as programacións dos departamentos didácticos no apartado de medidas de atención á diversidade e o punto de partida para a intervención contextualizada no noso centro, que se detalla no seguinte punto.

7.2. Criterio do IES de Sar e outras medidas co alumnado diagnosticado con TDAH

A mirada que se fai hoxe respecto ao Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) parece centrarse nunha concepción de orixe neurolóxico e de tratamentos farmacolóxicos, pechando as portas a outros interrogantes.

Dende o IES de Sar dáse un lugar a esta mirada social, educativa e médica que se fai hoxe, pero complementándoa co acompañamento da construción saudable a todo o noso alumnado (ver PAT), cuxo obxectivo é o de desenvolvemento como persoas autónomas, con capacidade reflexiva e crítica e cun proxecto profesional que lles facilite a súa inserción social.

Na seguinte táboa aparecen as actuacións do protocolo que coinciden coas actuacións organizadas dende o centro en función das necesidades do alumnado, en xeral, e das do alumnado cun diagnóstico de TDAH, en particular:

Necesidades	Actuación
Na organización do centro	-Informar o profesorado do alumnado con este diagnóstico, das características e dos recursos, para a súa consideración nas programacións, e cadro de avaliación inicial. -Ter en conta, na constitución de grupos-clase, un reparto equilibrado de alumnado con NEAE, e neste caso con TDAH. -Traballo titorial e de orientación respecto a coordinar as actuacións do profesorado: seguimento, información, axenda e outras, se procede. -Traballo titorial e de orientación, informando o resto do equipo docente do traballo respecto ás seguintes necesidades que, en xeral, pode presentar este alumnado: pouca tolerancia á frustración, pouca capacidade de espera, dificultade coa idea de proceso e de aceptación de normas, a dificultade co esforzo e o interese por aprender e a pouca capacidade de autonomía e polo tanto unha baixa autoestima. -Colaboración coas familias e os servizos sociais, sanitarios o coa asociación para traballar sobre os aspectos mencionados no apartado anterior.
Na organización da aula	-Coidar o grupo, o lugar e o rol de cada alumno/a co traballo da acción titorial a través do PAT e nas diferentes materias. -Potenciar a aprendizaxe cooperativa na aula. -Utilización da axenda, se o alumno/a non está en primeiro, se procede. -Pactar o tempo e o xeito de realizar os exames, se procede. -Ofertar MAD segundo as necesidades específicas que presente o alumno/a, se procede.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

a) Alumnos que non estiveron escolarizados no IES
-Deberán achegar:
Informe Psicopedagóxico elaborado polos Departamento de Orientación de procedencia. Ditame de Escolarización. (EOE) Informe da Inspección Educativa.
b) Alumnos escolarizados no Centro en cursos anteriores
No caso de que o alumno estea escolarizado no Centro e se detecten dificultades de aprendizaxe significativas, o titor ou o profesor de materia trasladarao ao Xefe do Dpto. de Orientación para que se realice a avaliación psicopedagóxica pertinente segundo a normativa vixente, tendo en conta o seguinte procedemento:
a. Os pais serán informados da necesidade de avaliación do seu fillo, asinando a súa conformidade, así como do resultado da mesma e das consecuencias que dela se poidan derivar.
b. Realizarase a valoración psicopedagóxica necesaria, para o que se ten que contar coa colaboración dos diferentes profesores que interveñen co alumnado
c.- Adoptaranse as medidas que se deriven da valoración psicopedagóxica.
4.1.- Medidas xerais para a atención do alumnado con n.e.e.:
a. A principio de curso reunións da Xunta de Profesores do grupo nas que participa todo o profesorado que imparte clases no mesmo, para valorar ao alumno e determinar a atención e as áreas que precisan de adaptación Curricular.
Con alumnos de 1º de ESO realizaranse estas valoracións durante as actuacións de acollida na primeira semana de curso.
Para os demais niveis a Xefatura de Estudos convocará e dirixirá reunións de Xuntas pertinentes durante a 2ª quincena do mes de setembro.
b. Para fomentar a integración asistirán a clase daquelas áreas consideradas mais integradoras como Educación Física, Música, Educación Plástica, Tecnoloxía.
c. A principio de curso e tras valorar o persoal e o horario xeral, determínase o horario de atención a este alumnado a partir dos criterios para a elaboración do mesmo que aparecen no Anexo 1.
d. A intervención específica realízaa o profesor especialista en Pedagoxía Terapéutica e tamén poderá ser realizada polo profesorado ordinario se así o conveñen nas actuacións pertinentes.
e. Dita intervención poderase realizar, en función da especificidade da seguinte maneira:
a) Intervención directa na aula ordinaria: por parte do profesorado ordinario ou, se é necesario e posible, con apoio da profesora de P.T.
b) Intervención en grupos fora da aula: adoita realizala así a Especialista P.T.
4.2.- Protocolo xeral de actuacións
A a incorporación a un grupo dun alumno con n.e.e. ou un alumno de necesidades de Compensación Educativa poderá darse tanto en 1º de ESO con alumnos novos que esixirá poñerse en contacto con profesores de Ed. Primaria dos seus Centros de procedencia como en calquera dos niveis de Ed. Secundaria. Esta actuación non se poderá levar a cabo, por razóns obvias, co alumnado de compensatoria inmigrantes.
O obxectivo deste protocolo é a recepción da información sobre o alumno con n.e.e. o tanto polo titor como polo Departamento de Orientación.
1º.- Coordinación/contacto do titor co titor do centro de procedencia ou co titor do grupo onde estivese o alumno o curso anterior.
2º.- Coordinación dirixida por Xefatura de Estudos entre titor, especialista PT e Orientador.
3º.- Coordinación de todas as persoas que teñen contacto co alumno con n.e.e. ou co alumno de compensación educativa principalmente grupo de profesores, titor, Especialista P.T., Orientador e Xefatura de Estudos. Nesta coordinación alcanzaranse acordos claros e aplicables en relación coa súa conduta, adaptacións curriculares, metodoloxía posible, ...
4º.- Preparación do grupo-clase para que haxa unha maior toma de conciencia polo alumnado da diversidade humana e do significado de “Todos iguais, todos diferentes”. Tamén se perseguirá o establecemento se fose preciso de normas básicas que se deben ter en conta para resolver os posibles conflitos que se produzan, responsabilidades de alumnos/guía ou compañeiros de apoio, etc
Esta actividade prepararase nas reunións de coordinación que aparecen no P.A.T entre o titor/é e o Departamento de Orientación. Preferentemente ao comezo do curso.
5º.- Información ás respectivas familias do alumnado de necesidades das actuacións que se seguen cos seus fillos. Estas reunións poderán ser levadas a cabo tanto o profesor titor como o profesor especialista que apoia

ao alumnado ou o Xefe do Departamento de Orientación.
6º.- Sensibilización ás familias do resto do alumnado nas reunións xerais de principio de curso dos acordos que se alcanzaron.

4.3.- Temporalización e actuacións xerais no centro.

Setembro:
- O Orientador xunto coa profesora PT, estuda os informes deste alumnado de 1º e revisa os de 2º para preparar orientacións para cada alumno e cada materia extractando cales son as necesidades mais prioritarias dos mesmos. Orientacións dirixidas á elaboración de Adaptacións curriculares.
- Realizaranse os primeiros contactos formal coa familia para solicitar información sobre aspectos prácticos e informar á mesma sobre o funcionamento xeral do centro.
- Xefatura de Estudos elaborará os horarios dos grupos e decidirá,seguindo os criterios pedagóxicos e suxestións do D. O, en que grupos se incorporan estes alumnos e os titores.
- Elaborarase o horario de atención ao alumnado, seguindo as orientacións do D.O . e as posibilidades organizativas,.
- Reunión da avaliación inicial, na que o orientador dará a coñecer a información necesaria para atender a estes alumnos, ou para elaborar adaptacións curriculares, tomaranse acordos sobre a liña de traballo con cada alumno, horarios, coordinacións, etc.

Segundo se recolle no Plan de Acollida que se aplica no Centro, realización de probas para o coñecemento do alumnado por parte dos profesores (estas son xerais para todos o alumnado) que terminen de clarificar as Adaptacións Curriculares.

Os profesores de cada área realizarán, coa colaboración do Departamento de Orientación as diferentes adaptacións do currículo, que seguirán o proceso establecido na lexislación vixente

Outubro:

Avaliación inicial: nestas sesións realizaranse os axustes necesarios cuestións como: alumnos con n.e.e. e grupo asignado, horario de atención das distintas especialistas PT, algunha atención específica que se precise, sistema de avaliación e obxectivos prioritarios….

Decembro, marzo/abril, xuño:

Avaliación trimestral: cada profesor cualificará ao alumnado con n.e.e. e segundo os criterios que presentou na Adaptación Curricular. Se un profesor de área non ten a un alumno con n.e.e. por que coinciden as súas horas cos apoios que recibe, deberá cualificar segundo a puntuación que lle indique a profesora Especialista correspondente.

4.4.- Implicación dos diferentes profesionais que participan na intervención do alumnado obxecto de atención especial pola súa diversidade

- Toda a comunidade educativa debe implicarse nesta tarefa polos esforzos extraordinarios que esixe.
- O titor o é de todos o alumnado da súa aula, independentemente das súas características sociais, familiares, físicas ou psíquicas. É a figura de referencia para o alumno e a súa familia e o principal coordinador que fará posible conseguir os obxectivos previstos, especialmente no que á súa integración social e valoración persoal se refire.
- Tras o titor, o Equipo de profesores é o ámbito no que se intercambia información sobre aspectos persoais do alumnado, contrástase a metodoloxía, etc..
- O profesor de Área: elabora a Adaptación Curricular Individualizada en colaboración cos Departamentos Didácticos que, nos casos de alumnos que non son de nova incorporación, teñen información e outras adaptacións de cursos anteriores. Os profesores son os que propoñen, nas avaliacións iniciais, ao alumnado que as precisa.
- O Xefe do departamento de Orientación, e a profesora de Pedagoxía Terapéutica colabora na elaboración e no desenvolvemento das A.C.I. cos profesores das distintas materias achegando información relevante. Elabora, en colaboración co Orientador, a parte correspondente de ACI na que aparecen todos os apartados da súa acción docente.
- O Orientador complementa a información que se precisa, traballa co alumno e a súa familia axudando a resolver as dificultades de adaptación, aprendizaxe, etc.. realizando as súas tarefas correspondentes como pode ser a elaboración de Informes Psicopedagóxicos e/ou Sociais, posta en acción das indicacións apuntadas no Informe, ...
- É labor do Equipo Directivo coordinar e equilibrar estas actuacións.

RESPOSTA EDUCATIVA

5.1.-Atención a diversidade nos distintos niveis de concreción.

A atención a diversidade adopta formas diferentes segundo nivel de concreción curricular no que nos atopemos.

* No Decreto do currículo:
- No seu carácter aberto e flexible.
- No equilibrio entre os diferentes tipos de contidos e o seu grao de adquisición.
- No equilibrio no desenvolvemento das distintas capacidades.
- Nos principios metodolóxicos.
- Na avaliación.
- Na optatividade crecente o longo da etapa.

* No proxecto curricular:
- Na adecuación dos obxectivos da etapa ás características e posibilidades de cada alumno.
- Nas programacións das distintas áreas.
- Nas medidas de atención a diversidade.
- Nas materias optativas propostas.
- No Plan de Acción titorial e no Plan de Orientación Académica e Profesional.

* Na aula:
- Na selección, organización e secuenciación dos contidos.
- No deseño das estratexias didácticas.
- Nos procedementos de avaliación.
- Nas adaptacións ordinarias do currículo.

5.2.- Atención a diversidade no proxecto curricular de etapa

O Proxecto Curricular de Etapa é un documento fundamental que condicionará tódalas medidas posteriores de atención á diversidade, por iso propoñemos como eixes centrais da elaboración do noso PCE:

A) Referidas ós obxectivos:

1.- Definir os obxectivos como capacidades, o que implica utiliza-los como guías para o ensino e referencias para a observación e avaliación dos proceso de aprendizaxe e non como metas a superar.

2.- Contemplar que os obxectivos desenvolvan de maneira equilibrada as capacidades motrices, de equilibrio persoal, de relación interpersoal e de inserción social ó mesmo nivel e coa mesma valoración e intensidade que as correspondentes capacidades cognitivas.

3.- Priorizar os obxectivos que contribúen a desenvolver as capacidades transversais a todas ou á maioría das áreas.

4.- Adecuar os obxectivos ó contexto no que se desenvolve o noso alumnado.

B) Referidas ós contidos:

1.- Seleccionar contidos nucleares e fundamentais que sexan aplicables e útiles en tódalas áreas e en tódolos ciclos da etapa.

2.- Asegurarse que nos bloques de contidos existe unha distribución equilibrada entre os tres tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais).

3.- Garantir a coherencia interdisciplinar, no tempo e na forma de trata-los diferentes contidos.

C) Referidas á metodoloxía:

1.- Asegura-la construción de aprendizaxes significativas partindo do nivel de desenvolvemento e dos coñecementos previos do alumno: *o profesorado deberá facer avaliacións iniciais ó comezo do curso, e se é necesario, ó comezo dalgunhas unidades didácticas.)*

2.- Fomenta-la capacidade de "aprender a aprender"...

D) Referidas á avaliación:

1.- Avaliar os tres tipos de contidos.

2.- Utilizar estratexias e instrumentos de avaliación para os diferentes momentos do proceso de aprendizaxe, que recollan de forma cualitativa os resultados e fomenten a autoavaliación do alumnado. Cada Departamento debería definir as condutas observables a través das cales podemos dicir que un alumno/a acadou as capacidades que se enumeran nos distintos obxectivos programados.

3.- Definir claramente os criterios de avaliación e de cualificación.

5.3.- Medidas de actuación no IES de Sar.

As medidas de actuación no I.E.S. de Sar, deben ter como obxectivo fundamental previr a aparición de alumnos e alumnas con fracaso escolar, pero tamén serán medidas que permiten intervir no momento en que

aparecen os problemas.
Unhas medidas son xerais e outras son concretas, unhas competen ós Departamentos e outras ós profesores dentro da súa aula, unhas son de asesoramento e outras de aplicación directa por parte do Departamento de Orientación, pero todas elas teñen en común:
- Deben ser debatidas na Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobadas polo Claustro de Profesores.
- Deben ser impulsadas e coordinadas polo Departamento de Orientación.
- Unha vez aprobadas pasan a formar parte do Proxecto Curricular da Etapa.

5..3.1.- Medidas xerais de resposta a diversidade:
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica asegurarase de que as programacións das respectivas áreas se elaboren de acordo ós criterios recollidos no proxecto Curricular da etapa.
- Secuenciación dos obxectivos xerais da área e bloques de contidos mínimos.
- Diferenciación de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- Criterios de avaliación finais consensuados en función dos contidos e actividades desenroladas. Posta en común e forma de levar a cabo a avaliación continua e formativa.
- Recomendacións sobre o deseño de unidades didácticas que teñan en conta a atención a alumnos con necesidades educativas , como son:

* Avaliación inicial para partir dos coñecementos previos do alumnado.
* Actividades diversas graduadas en distintas dificultades, que vaian do máis simple o máis complexo, para aplicar tanto de forma individual como en equipo.
* Que centren máis atención no proceso que no resultado.
* Posta en común ó finalizar a unidade didáctica para recapitular e repasar o aprendido.
* Dar a coñecer os criterios de avaliación.

5..3.2.- Medidas concretas de resposta a diversidade .

A.- Plan de acción titorial:
En consonancia co currículo aberto e flexible, entendemos que os elementos curriculares contidos na acción titorial tamén deben ter un carácter aberto e flexible.
O decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento Orgánico dos IES, establece as funcións relacionadas coa acción titorial que corresponden o Xefe de Estudios, o Departamento de Orientación e os titores. O P.A.T aprobado no P.C.C. do IES Sar define as funcións e as actividades a levar a cabo por parte dos titores co alumnado, con outros profesores, cos pais e co equipo directivo.
O departamento de orientación debe de elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas de organización da orientación e do plano de acción titorial (Art. 55-a do Regulamento Orgánico dos IES), tamén debe asesorar e apoiar ó profesorado no desempeño da función,....Así como ofrecerlles soporte técnico para o desenvolvemento destes plans (segundo PCC do Centro).
Co fin de evitar que a acción titorial se leve a cabo por iniciativas illadas procurarase en reunións periódicas coa Xefa de Estudios e o Departamento de Orientación que esta programación se faga no marco de obxectivos comúns.
O inicio do curso o Departamento de Orientación acordará cos titores os bloques de programación (que incluirán as principais liñas de actuación que os titores desenvolverán co alumnado/as de cada grupo), e ofrecerá para cada etapa unha programación titorial marco.

B.- Reforzo educativo:
O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención a diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo; é dicir a todo o que conforma a opción metodolóxica de cada profesor.
O Reforzo Educativo (seguindo as directrices da Orde do 6 de outubro de 1995; pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral), centrarase no desenvolvemento das capacidades cognitivas (*Atención, concentración, comprensión e memoria).*

C.- Adaptación curricular individualizada:
A adaptación curricular individualizada (ACI) é unha medida extraordinaria de atención a diversidade que levamos a cabo con alumnos/as de necesidades educativas especiais. Nesta proposta introdúcense modificacións significativas nos elementos prescritivos do currículo común (obxectivos, contidos e criterios de avaliación)e pode afectar a unha, a varias ou tódalas áreas.
A avaliación psicopedagóxica será, sempre, unha condición previa para a realización dunha ACI dun alumno/a. Esta avaliación será realizada polo Departamento de Orientación en colaboración co equipo de profesores.
Para realizar unha adaptación curricular individual no IES de Sar seguiremos o procedemento establecido na lexislación. En resumo:
Cando o profesor da materia detecte que un alumno presenta dificultades na súa materia, tomará medidas

ordinarias de reforzo educativo, aspecto que pode consultor co orientador, ou non, pero que llo debe comunicar ó titor. Unha vez valoradas estas medidas e a evolución do alumno, si persisten as dificultades e a distancia de competencia curricular do alumno é, polo menos de un ciclo, pode decidir realizar unha ACI.
Unha vez tomada esta decisión, poñerase en coñecemento do orientador para iniciar unha avaliación psicopedagóxica. Esta avaliación psicopedagóxica terá os seguintes compoñentes informativos:
a.- Información aportada pola familia referida a aspectos sociais, evolutivos, historial médico, etc. Esta información debe ser recollida polo orientador ou polo titor. Para tal efecto elaboraranse uns protocolos de recollida de información
b.- Información aportada polo profesor:
Nesta información do profesor da materia farase unha valoración da competencia curricular do alumno nesa materia.
Para iso, os profesores elaboran uns protocolos para sistematizar a recollida de información, co apoio do D.O.
c.- Información de carácter psicopedagóxico
Esta información, consecuencia da avaliación psicopedagóxica, será recollida polo orientador, na forma e maneira que considere oportuna.
Recollida esta información, reuniranse: profesor/a da materia, titor/a, xefe/a de estudios, orientador, para decidir si se continúa coa ACI.
Si a decisión é negativa, o profesor da materia tomará as medidas que considere suficientes para que o alumno continúe co seu progreso, co asesoramento do D.O.
Si a decisión é positiva, procederase a realizar a adaptación coa selección de obxectivos ou/e contidos ou/e criterios de avaliación por parte do profesor da materia, co asesoramento do Departamento de orientación.
Unha vez concluído este procedemento, entregaráselle ó director/a para a súa tramitación ó servizo de Inspección. Estes documentos formarán parte do expediente do alumno.-
D..- Optatividade:
As materias optativas ofertadas axudan a consecución das capacidades básicas e promoven os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.
A través da acción titorial do centro axudaráselle ó alumnado no autocoñecemento, no coñecemento das posibilidades de formación e nos distintos itinerarios formativos que oferta o centro para que estes poidan elixir responsablemente.
Dende o departamento de orientación colaborarase co Equipo Directivo e cos distintos Departamentos para que:
- Exista unha oferta equilibrada.
- Que estas optativas reforcen os aspectos máis funcionais do currículo.
- Que faciliten a transición á vida activa.
-- Que completen aqueles obxectivos non suficientemente cubertos polas áreas curriculares.
É de resaltar a importancia da optatividade en 1º e 2º curso, podendo optar entre 2ª Lingua estranxeira ou Reforzo Educativo. O Procedemento para esta opción será como segue:
a.- Alumnos que proceden de Educación Primaria: deberán ser comunicados nas reunións de coordinación cos titores dos centros adscritos o alumnado proposto para esta opción Correrá a cargo do Orientador do IES de Sar a comunicación coas familias destes alumnos así como a recollida das autorizacións necesarias.
b.- Alumnado xa escolarizado neste IES: nas sesións de avaliación inicial e/ou extraordinaria, tomaranse as decisións sobre a oferta desta posibilidade ao alumnado que así o precise. Será o Orientador o que se poña en contacto coa familia, dea as explicacións necesarias e recolla as autorizacións.
F.- Plan individual de recuperación de materias pendentes
Son os Departamentos didácticos os que teñen que organizar os diferentes plan de individuais para recuperar as materias pendentes, tal e como se establece na Orde de 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación en secundaria
G.- Agrupamentos flexibles:
Son unha medida de apoio ordinario ás aprendizaxe básicas. Están destinados a alumnos/as escolarizados no primeiro e segundo da ESO e que presentan atraso académico xeneralizado ou que tendo cursado o primeiro ciclo non alcanzaran os obxectivos mínimos e que esta medida organizativa de atención a diversidade se considere esencial para garantir eficacia da súa permanencia un ano máis no ciclo. Tamén poden estar escolarizados no segundo ciclo da ESO e non teñan máis de 16 anos, ou excepcionalmente, aqueles para os que, aínda tendo esta idade, esta medida se considere a máis apropiada.
Os agrupamentos específicos poderán facerse nunha das áreas de Lingua e Literatura, e en Matemáticas, así como en Ciencias da natureza e en Ciencias Socias, Xeografía e Historia.

o alumnado propostos para cursar algunha áreas en grupos específicos deberán contar cun informe individualizado elaborado polo profesor titor, en colaboración co departamento de orientación. O remate do curso escolar elaborarase outro informe individualizado de cada alumno de agrupamento específico, no que indicará a efectividade desta medida, así como a proposta sobre a continuidade ou non dela.
Os pais deberán estar informados a través do profesor titor correspondente.
H.- Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento :
Estes programas son unha medida extraordinaria de adaptación curricular recoñecida xa no artigo 27 da LOE e están regulados por distintas normas que se derivan da mesma. Nestas disposicións legais establécese a finalidade destes programas, o tipo de alumnado o que van dirixidos e os procedementos que se han de seguir para súa elaboración, o nivel educativo no que se deben aplicar e a súa duración, as áreas curriculares que abranguen, fórmulas para o seu seguimento e avaliación, etc.
Os criterios de selección do alumnado propostos para un programa de Mellora serán acordados a partir das directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e mediante reunións dos Equipos Docentes de 1º, 2º e 3º da ESO. Axustándose sempre ó marco lexislativo .
Para incorporar a un alumno ao Programa de Mellora da aprendizaxe Seguirase o establecido na lexislación vixente.
I.- Formación Profesional Básica.
E unha medida extraordinaria de atención a diversidade para alumnos de 15 e 16 anos que non acadaron ou non estean en condicións de acadar os obxectivos xerais da E.S.O.
Poderán incorporarse os menores de vinte e un que, polo menos cumpran 15 anos no ano natural no que comeza o programa e que non alcanzaran os obxectivos da educación secundaria obrigatoria nin posúan titulación ningunha de formación profesional.
Para incorporar a alumnos/as que estean escolarizados no segundo ciclo da ESO terase en conta as seguintes circunstancias:
- Que teñan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ata tal punto que lle impidan acada-los obxectivos da etapa.
- Que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo e que a xuízo do equipo educativo que os atende, non estean en condicións de acada-los obxectivos da etapa pola vía ordinaria.
- Que estean en grave risco de abandono escolar.

ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Asesoramento, aos Órganos de Goberno e de Coordinación Docente do Centro, para a elaboración dun Proxecto Educativo que contemple as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que permitan unha adecuada atención á diversidade do seu alumnado.
2. Asesoramento aos equipos docentes na elaboración de adaptacións curriculares: - Necesidades educativas a responder. - Obxectivos a alcanzar. - Contidos e actividades. - Criterios de avaliación. - Metodoloxía e materiais a utilizar. - Seguimento e avaliación da adaptación. - Etc.
3. Proposta de procedementos para a identificación e detección temperá de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades intelectuais
4. Seguimento, das adaptacións curriculares e da evolución escolar do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, por parte da profesora de Pedagoxía Terapéutica, do Orientador e, no seu caso, doutros especialistas que interveñan cos mesmos. Realizarase nas reunións de coordinación previstas nas ACIs. Tamén a coordinación coas familias deste alumnado debe achegar información relevante para avaliar os aspectos citados.
5. Avaliación psicopedagóxica:
- Previa á elaboración de adaptacións curriculares.
- Para a incorporación a un Programa de Mellora da Aprendizaxe.
- No seu caso, avaliación psicopedagóxica previa á solicitude de flexibilización, do período de escolarización, para o alumnado con altas capacidades intelectuais.
6. Actuacións, enmarcadas dentro do Programa de Tránsito de Educación Primaria a Secundaria, que permitan unha mellor atención á diversidade do alumnado de próximo ingreso no Centro:
- Entrevistas cos mestres e mestras de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe dos centros adscritos de Educación Primaria.
- Reunións co E.O.E. para o transvase de información e documentación sobre o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesoramento para a coordinación pedagóxica cos Centros de Primaria.

- Entrevistas coas familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Programación das actividades de acollida específicas para o devandito alumnado.
7. Asistencia ás sesións de avaliación dos grupos nos que se integre o alumnado dos programas de mellora e o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Terá por obxecto asesorar sobre aqueles aspectos que repercutan nunha mellora da resposta educativa proporcionada a este alumnado.
8. Asistencia ás sesións de avaliación dos grupos en que sexa necesario dispoñer de asesoramento especializado, de carácter psicopedagóxico, para valorar o progreso de determinado alumnado e alumnas e decidir respecto das medidas educativas a adoptar con eles.
9. Conxunto de actuacións coa profesora de Pedagoxía Terapéutica, relacionadas co alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que atendan:
- Asesoramento sobre a organización da resposta educativa, a adaptación do currículo ou os materiais didácticos a utilizar co devandito alumnado.
- Seguimento da súa evolución e marcha escolar, participando nas decisións relacionadas coa avaliación e a promoción e colaborando na cumprimentación da documentación académica correspondente.
- Elaboración, aplicación e avaliación das programacións de apoio e da atención educativa especializada que, de forma a individual ou en pequenos grupos, vaia a prestarse ao devandito alumnado.
-Asesoramento e coordinación coas familias.
10. Conxunto de actuacións, do Departamento de Orientación, en relación co Programas de Mellora:
Neste curso non vai a haber programa de mellora en 2º nin en 3º, por non haber proposta de alumnado
11. Conxunto de actuacións, do Departamento de Orientación, en relación cos plans e programas de apoio e reforzo escolar:
-Asesoramento, aos Órganos de Goberno e Coordinación Docente do Centro, sobre a elaboración dos plans e programas.
-Participación nas reunións de seguimento e avaliación dos mesmos.
-Participación na selección do alumnado participante.
12. Actuacións relacionadas coa atención ao alumnado inmigrante.
- Colaboración co profesorado na exploración inicial do nivel de competencia lingüística deste alumnado.
- Asesoramento, á Xefatura de Estudos, na coordinación da actuación do profesorado das Aulas Temporais de Adaptación Lingüística.
- Asesoramento nos labores de acollida e avaliación psicopedagóxica e curricular deste alumnado, así como na toma de decisións sobre a atención educativa.
- Colaboración no seguimento e avaliación do devandito alumnado.
13. Análise e, no seu caso, proposta de revisión do Ditame de Escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociada a discapacidade, realizando para iso a valoración psicopedagóxica oportuna.
14. Conxunto de actuacións, en coordinación coa Dirección do Instituto, no proceso de proposta de alumnado para se incorporar a un ciclo de F.P.B. :
- Asesoría ao equipo docente na realización da proposta.
- Asesoramento á titoría na elaboración do consello orientador
- Asesoramento á dirección no desenvolvemento do proceso.
- Asesoría a familias e alumnado sobre a proposta de F.P.B..., características, composición, oferta, saídas, etc.
16. Asesoramento xeral sobre as medidas de atención á diversidade citadas e sobre aspectos psicopedagóxicos a considerar, nas medidas de apoio e reforzo escolar a desenvolver no Centro: agrupamentos, aspectos metodolóxicos, alumnado destinatario.
17. No seu caso, actuacións dos Educadores e Educadoras Sociais en relación co alumnado e as familias destinatarias de tal intervención:
- Seguimento do alumnado absentista.
- Desenvolvemento de programas de integración multicultural ou prevención do absentismo.
- Mediación en conflitos do devandito alumnado ou as súas familias co Centro.
- Colaboración en proxectos de mellora da convivencia.
18. Atención directa individual a alumnos e alumnas destinatarios de distintas medidas de atención á diversidade, así como ás familias dos mesmos.
19. Proposta de protocolos e procedementos para solicitar a adopción de medidas excepcionais de atención á diversidade: flexibilización do período de escolarización ou permanencias extraordinarias para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

20. Coordinación con institucións ou servizos externos relevantes para a atención á diversidade do alumnado: E.O.E., Equipos Especializados, Servizos Sociais Comunitarios, Saúde Mental, Servizos de Emprego, etc.

ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS CO ALUMNADO CON NE.E.E

1ª. A intervención co alumnado con NEE., rexeranse polo principio de normalización e tenderán á máxima integración posible:
- Currículo normal, ata onde sexa posible.
- Aula ordinaria como referencia.
- Titor como eixe de intervención.

2ª. Identificación e valoración das NEE., por profesionais cualificados.
- Valoración psicopedagóxica funcional.
- Con carácter interdisciplinar.
- Orientada á formulación de plans ou programas de intervención.

3ª. A atención educativa comezará tan pronto como se aprecien circunstancias que aconsellen tal atención, calquera que sexa a súa idade.
4ª.- Favorecerase a participación dos pais e titores nas decisións que afecten o alumnado con NEE.
5ª.- O profesor titor, coa colaboración da orientadora, informará ás familias sobre as medidas que se van a levar a cabo co seu fillo/a.
7.1.- Identificación do alumnado con n.e.e:
Esta identificación farase a través de:
* Revisión do expediente académico.
* Levarase a cabo unha avaliación inicial, por grupos, a finais do mes de outubro onde se valoraran aqueles alumnos/as que presenten:
- Baixo rendemento académico.
- Problemas graves de conduta.
- Problemas de relación.

* O Orientador, en colaboración co profesor/a titor/a e si é necesario con tódolos profesores implicados na educación do alumno/a, realizará a avaliación psicopedagóxica de tódolo alumnado/as que presenten NEE. A partir desta valoración (nunha reunión conxunta: Xefa de Estudios, Orientador, Titor e Profesores das áreas) decidirase a medida máis adecuada para este alumno/a.
7.2.- Intervención do D.O. no caso de alumnos/as con n.e.e.
O D.O. pode intervir nas decisións educativas de alumnos con NEE de dúas maneiras:
1.- Por iniciativa do propio D.O. cando se detecten NEE a través da análise do expediente académico do alumno/a, no desenvolvemento de actividades programadas polo DO, nas avaliacións iniciais ou a través de programas de detección de NEE.
2.- Por iniciativa do profesorado de área, do titor ou do equipo docente. Neste caso a demanda canalizarase a través do titor/a ou do propio profesor da área correspondente.
A colaboración do profesor/a de PT será programada en función das necesidades do Centro e de cada aula.
As medidas de apoio organizaranse dende as máis xerais ás máis particulares:
1º.- Apoio indirecto:
- Apoio no deseño de unidades didácticas que permitan atender á diversidade de alumnos da aula. Asesoramento sobre as medidas xerais de atención á diversidade.
- Apoio no deseño de medidas específicas de atención a alumnos/as con NEE (Reforzo Educativo, A.C.I.).
- Adaptación de materiais. Adaptacións dos materiais de aula ás necesidades do alumnado/as con NEE.

2º.- Apoio directo:
A colaboración do profesor/a de PT na atención a alumnos/as con necesidades educativas terá as seguintes características:
- É unha labor de apoio que non pode substituír en ningún caso a responsabilidade do profesor ou profesora.
- Realizarase preferentemente dentro da aula ordinaria e estará orientada a que tódolo alumnado participen no grao máis alto posible nas actividades ordinarias de ensino-aprendizaxe.
- O profesor/a de apoio programará co profesor/a de área as actividades de apoio directo.
- Poderá revestir as seguintes formas:

a.- Colaborar na atención educativa en agrupamentos flexibles.
b.- Colaboración na atención xeral ás actividades da aula.

c.- Atención a grupos de alumnos que presenten algunha dificultade, sexan ou non considerados de NEE.
- Realizar as actividades programadas co alumnado de NEE fora da aula. Cando as necesidades educativas dun alumno/a lle impidan participar aínda que sexan nun grao mínimo das actividades da aula ordinaria nunha ou varias áreas, poderán programarse sesións apoio individual ou en pequeno grupo fora da súa aula ordinaria. Esta decisión tomarase por consenso entre o Orientador, a profesora de P.T. e o profesor ou profesora de área

INTERVENCIÓN DO PROFESORADO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Este curso compartimos co CEIP Ramón Cabanillas un profesor de audición e linguaxe para atender as necesidades de alumnado de 1º e 2º de ESO no seguinte horario:

	XOVES	VENRES
11.40-12.30	ALUMNO DE 1º A	ALUMNO DE 2º A
12.50-13.40	ALUMNO DE 2º A	ALUMNO DE 1º A
13.40-14.30	ALUMNO DE 2º A	ALUMNO DE 2º A

Nota: Aínda que a atención do profesorado de audición e linguaxe foi solicitada para dous alumnos, ao longo do curso poden aparecer mais necesidades que, nese momento determinarase como se poden atender.

PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1. Introdución:

A programación no ámbito educativo responde a un intento de "pensar de antemán" como desenvolver a práctica educativa. Programar é, segundo Gimeno Sacristán e Pérez Gómez (1989), realizar un deseño de como queremos orientar a acción antes de que ocorra improvisadamente ou de forma rutinaria. Esta programación é un documento de planificación educativa que constitúe un conxunto de medidas de atención a diversidade planificadas en base a un análise de necesidades, e articuladas cos distintos documentos de planificación do centro. Está elaborada en consonancia coas finalidades educativas do centro e é unha concreción das medidas contempladas no Plan Xeral de Atención á diversidade. A súa finalidade será que o alumnado poida alcanzar os obxectivos xerais establecidos para cada un deles unha vez identificadas e valoradas as súas necesidades.

A miña actuación estará planificada e coordinada co resto de profesionais do centro, rexerase polos principios de normalización e inclusión establecidos na LOMCE

Para o curso 2020-21 o alumnado con necesidades especificas de apoio educativo será atendido pola mestra especialista en pedagoxía terapéutica ben de forma individual, en grupo reducido ou na aula ordinaria.

2. OBXECTIVOS XERAIS:

A nivel de alumnado

• Potenciar a integración dos alumnos con NEAE no seu grupo de iguais e no centro.
• Contribuír a fomentar un desenvolvemento o máis normalizado posible.
• Adquirir as competencias clave nas diferentes materias.
• Fomentar á personalización e individualización dos procesos de ensino/aprendizaxe, atendendo aos distintos ritmos evolutivos.
• Achegar ao alumnado a axuda e reforzo pedagóxico necesario para facilitar a toma de decisións e éxito no proceso educativo.
• Conseguir o acceso e uso de programas informáticos acordes coas súas posibilidades.

A nivel de aula de PT:

• Optimizar as posibilidades do alumnado para que logren unha adecuada integración persoal e social
• Establecer canles de coordinación co resto do profesorado para ofrecer unha resposta educativa axustada as súas necesidades.

A nivel de familia

• Implicar aos pais no proceso educativo dos seus fillos.
• Facilitar a información e orientación educativa sobre os seus fillos, (adecuar expectativas idóneas, eliminar actitudes inadecuadas, establecemento de pautas de actuación xerais e concretas).
• Establecer canles de comunicación permanente para o seguimento do proceso de ensino – aprendizaxe

Estes obxectivos de intervención plásmanse nos seguintes contidos:

3. CONTIDOS:

• Intervención directa e indirecta co alumnado
• Asesoramento e apoio aos membros da comunidade educativa en aspectos relativos á atención a diversidade
• Coordinación sistemática cos profesores que atenden alumnado con necesidades específicas co fin de preparar e adaptar o material didáctico para o reforzo educativo.
• Coordinación cos docentes que atenden a estes alumnos para a avaliación e seguimentos do proceso ensino/ aprendizaxe.
• Cooperación estreita cos pais, para promover o traballo na casa e o seguimento de pautas ou actuacións conxuntas fóra do centro.

Para a AVALIACIÓN dos obxectivos e contidos formulados, atenderemos a tres momentos claves de recollida de información:

* Inicial, obterase a primeira información sobre o alumno/a a través da análise de documentos relativos á súa historia evolutiva, (avaliación psicopedagóxica, informe final de curso, entrevista co titor/a do curso anterior, avaliación inicio de curso. É o punto partida para preparar a nosa intervención.
* Continua, ao longo do curso académico, atendendo á consecución dos obxectivos e contidos expostos acorde coas capacidades dos alumnos/as que atendemos, sen esquecer a avaliación da nosa acción educativa.
* Final, resumo dos principais obxectivos expostos e o grao de consecución dos mesmos, así como o establecemento de orientacións e propostas de mellora.

4. METODOLOXÍA

Partimos dunha organización aberta e flexible, que nos permite coordinarnos co persoal interno e externo ao centro, así como a intervención directa co alumnado con necesidades específicas a escala individual e en grupo.
O apoio en grupo realizarase en función das necesidades educativas do alumnado de xeito que atenderase aos alumnos/as de forma personalizada preferentemente no grupo de referencia excepto que as características individuais indiquen un apoio fóra do grupo ordinario. A formación de grupos está suxeito a unha serie de criterios, tales como: Necesidades compartidas, nivel curricular similar entre os alumnos que acoden á aula nun mesmo tempo, estilo de aprendizaxe parecida e idade cronolóxica próxima, comparten intereses comúns.
En primeiro lugar, independentemente da modalidade de apoio que se aplique en cada caso, perseguimos a máxima implicación do alumno/a no currículo e o menor grao posible de significatividade nas súas adaptacións.
Procurarase que o apoio nas áreas instrumentais coincida no mesmo horario que para o seu grupo de referencia, coa excepción de que o ritmo de aprendizaxe destes alumnos é diferente que o do resto dos seus compañeiros.
O apoio adoptarase cando o alumno/a non poida seguir a programación ordinaria de aula. Isto esixe: a adaptación dunha metodoloxía favorable para o alumnado con necesidade de apoio, así como respectar o seu ritmo persoal e a adaptación de actividades.
Neste caso ofreceremos apoio directo en colaboración co profesorado de aula, xa que o alumno vai realizar o mesmo tipo de actividades que o resto dos seus compañeiros.
O alumnado que, en principio, se prevé que teñan apoio educativo no curso 2020-21 son os seguintes:

1º ESO A

• S.T: Trastorno xeneralizado deo desenvolvemento (TEA)
• M.G.M.P Repite 1º Ten AC en varias materias.
• D.S.F: TDAH
• I.F.M. TDAH. tivo reforo educativo nas materias instrumentais
• S.B. G: Repetidor de 1º ESO. Procede doutro centro.
• V.A.C.B.. ACI en cursos anteriores
• I.L.M.: aci en cursos anrterioes en L.C, L.G. Matematicas.

1º ESO B
• I.G.S. ACI en cursos anteriores en varias materias
• R.J.J. atraso escolar.

2º ESO
• U.G.G: Fixéronselle en 6º AC en CCNN, L. Castellana, Matemáticas e Ciencias Sociais.
• S.M.C. Hipoacusia. AC en L.Castelán e L.Galega
• H.M. . ACi en L.C, Matemáticas.
• F.F.R. procedente de Brasil. Posiblemente ACI en diversas materias

Polo xeral, cada grupo de alumnos/as subirá a aula de apoio dúas horas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. O horario da aula de apoio considérase flexible no sentido de poder modificar/axustar as sesións sempre que sexa necesario para atender ó alumnado NEAE que o requira ó longo do curso.

3º Curso: Neste momento non se detectou alumnado con necesidade de apoio. Hai unha alumna con hipoacusia e con audiófonos que non precisa apoio específico

4º curso: Neste momento non se detectou alumnado con necesidade de apoio.

RECURSOS

a) Humanos: Departamentos Didácticos, Departamento de Orientación, Xefatura de Estudios, Equipos directivos dos centros adscritos, Orientadores dos centros adscritos, Profesorado de Pedagoxía terapéutica do Instituto, profesor de audición e linguaxe, titores e profesorado
b) Materiais: Aula de Apoio, Aula do grupo-clase, Material de reprografía, Ordenador (base de datos do alumnado), Material de avaliación psicopedagóxica, Materiais para as titorías, Materiais para as actividades de apoio e reforzo

ACTUACIÓN NO CASO DE CONFINAMENTO POLA COVID-19

No caso de que haxa que confinarse e non poder asistir a clase ordinaria, o alumnado seguirá a programación individual prevista nas diferentes materias mediante a realización das actividades que se irán desenvolvendo na aula virtual do instituto https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdesar/aulavirtual/course/index.php?categoryid=6
Na aula manterase relación , de xeito individualizado, con cada alumno por parte da profesora de pedagoxía terapéutica, e iranse propoñendo, realizando e corrixindo as actividades. Tamén se manterá relación mediante vídeo-conferencia a través do recurso que propoña a administración.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO P.A.D.

Teranse en conta todas as indicacións que sobre a mesma aparecen na regulamentación e normativa existente para estes alumnos como norma xeral, no entanto será conveniente facer mención aos apartados que aquí se sinalan tanto trimestralmente como ao final de curso para modificar e axustar as actuacións pertinentes. Para iso sinalásese un apartado nas Actas de Avaliación (tanto a Inicial, como de Avaliación Ordinaria, como Finais e Extraordinaria) no que quedará reflectido de maneira clara e concreta os aspectos que hai que mellorar e de que maneira farase.

ANEXOS

1.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE HORARIOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

1º.- Os horarios, como o resto das actividades que se realizan co alumnado con n.e.e., pretenden os obxectivos básicos que sinala a lexislación de normalización e integración destes alumnos.
2º.- O alumnado participarán, prioritariamente, co seu grupo de clase nas materias manipulativas nas que predominan os contidos de carácter procedemento
3º.- A atención educativa farase de modo personalizado, polo que os grupos non poderán ser numerosos.
4º.- O alumnado sairá a actividades individuais de apoio as sesións necesarias para compensar as necesidades que presentan
5º.- O alumnado de n.e.e. asistirá a apoio preferentemente durante os tempos en que o seu grupo recibe clase da mesma materia
6º.- O alumnado recibirá apoio preferentemente nas áreas instrumentais básicas: Lingua Española; Lingua Galega e Matemáticas. En todo caso priorízase a participación do alumnado nas actividades xerais do grupo de referencia.

2.-PAUTAS A SEGUIR CO ALUMNADO QUE SE INCORPORE INICIADO O CURSO ESCOLAR.

A.- DÍA DE CHEGADA AO CENTRO.
(Deberá procurarse que o primeiro contacto coa familia sexa acolledor.)
1.- En Administración:
a)Realizarase a matrícula, como outro alumno máis situándoo no curso que lle corresponda por idade, salvo que traia algún tipo de Informe de Escolarización ou doutro tipo que sinale o contrario.
b) Darase cita para realizar unha entrevista inicial co Orientador.
Nota: en caso de descoñecemento do idioma, tentarase solicitar a axuda dalgún alumno/a de o centro ou de calquera outra acode que nos sirva de tradutor,
B.- AO DÍA SEGUINTE: ENTREVISTA INICIAL.
(Asegurar ás familias que a información achegada é confidencial).
2.- No Departamento de Orientación
a) Realizarase unha entrevista co alumno e cos seus pais (se é posible), que correrá a cargo do Departamento de Orientación
b) A continuación: visita o Centro e preséntaselle a aula de referencia. Incorpórase á súa aula.
C.- DURANTE O SETE DÍAS SEGUINTES: AVALIACIÓN INICIAL.
Durante o sete ou dez seguintes, os profesores realizarán probas de nivel para valorar, canto antes, o seu Nivel de Competencia Curricular.
Será conveniente que os distintos Departamentos teñan preparados materiais de avaliación ao efecto.
O Departamento de Orientación utilizará as probas necesarias (entrevistas, cuestionarios e probas elaboradas a tal fin,...) que considere oportuno, centrándose nas áreas instrumentais e especialmente no nivel de coñecemento da lingua oral e escrita.
D.- DÚAS SEMANAS DESPOIS: ADSCRICIÓN DEFINITIVA.
Pasados quince días da chegada ao Centro, o alumno continuará ou incorporarase ao seu grupo de clase definitivo.
No caso de alumnos que se considere, pola súa orixe ou carencias , que teñen necesidades educativas especiais, a adscrición realizarase un ou dous cursos por baixo do nivel que lle corresponde pola súa idade. Se o precisase, terá horario concreto de apoio, material adaptado, ... o máis concretamente posible que se poida definir.

3.- MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA A IMPLEMENTAR NO CURSO 2020-21

* Programas de reforzo educativo para o alumnado e alumnas propostos para exención de francés
* Programas de recuperación para alumnos/as que promocionan de curso con materias non instrumentais suspensas
* Programas específicos personalizados para repetidores
* Aula de atención educativa, pendente de organización
* Atención ao alumnado estranxeiro
* Desdobres, na medida en que sexa posible
* Grupos específicos temporais en 2º, en principio nas materias instrumentais
* Flexibilización do periodo de escolarización
* Optatividade
* Adaptación curricular individual
* Programa de de mellora dea aprendizaxe e do rendemento (2º curso).

4.- HORARIO DA AULA DE APOIO NO CURSO 2020-21

Neste momento non se pode especificar, por non estar asentados definitivamente os grupos nin se tomaron decisións sobre o alumnado. Unha posible organización é a seguinte;:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.50-9.40					
9.40-10.30	1º B		2ºB	1ºA	1ºA
10.30-10.50					
10.50-11.40	1º A		1ºA	2ºA	1ºB
11.40-12.30	2ºA	1ºB	1ºB	1ºA	2ºB
12.30-12.50					
12.50-13.40	2ºA	1ºB			1ºA
13.40-14.30				2ºA	2ºA

HORARIO DO PROFESOR DE AUDICIÓN E LINGUAXE

	XOVES	VENRES
11..40-12.30	ALUMNO 1º A	ALUMNO 2º A
12.50-13.40	ALUMNO 2º A	ALUMNO 1º A
13.40-1430	ALUMNO 2º A	ALUMNO 2º A

TEMPORALIZACIÓN

a) Medidas Preventivas	
-- Reunión cos Departamentos Didácticos para asesorar na elaboración das programacións de área e aula sobre: Criterios e técnicas de avaliación Aspectos metodolóxicos Secuenciación de obxectivos e contidos	
Setembro	
Estratexias para a elaboración das adaptacións curriculares	Todo o curso
-- Coordinación coa Xefatura de Estudios para establecer criterios organizativos sobre os agrupamentos, horarios que favorezan a aplicación de medidas de reforzo xeral ou a atención en grupos pequenos	Setembro
-- Establecer qué alumnos son susceptibles de traballo en grupo pequeno, e aqueles, que polas súas características e polas características do medio escolar sería máis favorecedor un apoio na aula.	Setembro-Outubro
-- Asesorar na realización dunha avaliación inicial do alumnado que inician a E.S.O. ou de nova escolarización no centro para detectar alumnos de risco	Avaliación inicial
b) Medidas ordinarias	
. Preparar materiais para alumnos ou grupos que precisen programas específicos	Todo o curso
. Prestar apoio individual, en pequeno grupo, en aula ou segregados, segundo as características individuais ós alumnos que o precisen, para axudarlles a superar as dificultades que presenten	Todo o curso
. Atender individualmente ós pais do alumnado para asesoralos en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos. A atención será os mércores, catro sesións á semana	Todo o curso
Asesorar ó profesorado en aspectos propios da titoría ou da ensinanza, proporcionándolles materiais e instrumentos. No horario do D.O. contarase con catro sesións semanais para atender ós profesores	Todo o curso
Reunións cos profesores para traballar problemas específicos, utilizando as estratexias e instrumentos que se consideren máis apropiados en cada caso.	1ª Ava., 2ª ava. 3ª aval
Seguimento do alumnado por parte dos profesores a través de rexistros de observación do alumno e da práctica docente.	1ª Ava., 2ª ava. 3ª aval
No horario do D.O resérvanse os recreos para atención individual (ou en grupo) ao alumnado. Si algún alumno precisa atención noutro horario, dispensarase esa atención en función das posibilidades persoais	Todo o curso
c) Medidas extraordinarias	
Desenrolo do Grupo do programa de mellora de 2º : Dar apoio ós profesores na elaboración das programacións didácticas e na elaboración de materiais (si é preciso).	Setembro
Dar orientación e apoio ós profesores do PMAR á hora de levar a cabo unha avaliación continua, na elaboración e posta en práctica de instrumentos de recollida de datos.	Todo o curso
Elaborar un programa específico de acción titorial para o grupo do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento	Setembro
Realizar un seguimento do funcionamento do grupo, xunto coa titoría e coa xefatura de estudios	Avaliacións
Realizar a avaliación psicopedagóxica para a conformación do grupo para o próximo curso.	Maio-Xuño
Posta en funcionamento de todas aquelas medidas de atención á diversidade que a lexislación permita e sexan susceptibles de aplicar neste centro (ACI, etc.)	Todo o curso

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Xustificación baseada no contexto.

As características xerais do centro mantéñense, pero hai uns cambios ao respecto do curso anterior e que deben estar sinalados:

Ao respecto do numero de alumnos e dos grupos:

	1º	2º	3º	4º
ALUMNOS	25	37	26	36
GRUPOS	1	2	1	2
ALUMNOS CON NEE.	4	4		
ALUMNOS ACI	1-3	2-3		
ALUMNOS REFORZO EDUCATIVO	5	5		
ALUMNOS ADQUISICIÓN COMPETENCIA CURRICULAR	¿?	¿?	¿?	¿?
ALUMNOS CON TDAH	2	2		1
DEFICIENCIA SENSORIAL		1	1	
TRASTORNO XENERALIZADO DO DESENVOLVEMENTO.	1			

Identificación e valoración das necesidades.

Quedan reflectidas no cadro do punto 1 as necesidades que se coñecen neste momento, previo á avaliación inicial. Na avaliación inicial e ao longo de todo o proceso educativo do curso 2020-21 atenderanse as necesidades que, tanto de índole individual como de grupo, vaian xurdindo

Determinación dos obxectivos.

* Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades de aprendizaxe.

* Optimizar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, potenciando a súa inclusión educativa e a súa adaptación escolar.

* Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en equidade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas educativas correspondentes.

* Mellorar o proceso de elaboración de adaptacións curriculares, permitindo así unha atención educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado destinatario das mesmas.

* Potenciar programas de mellora da aprendizaxe, concibíndoos como unha medida educativa que permita atender as dificultades de aprendizaxe e aumentar as opcións de titulación do alumnado.

* Reforzar os instrumentos que garantan a equidade na educación, asesorando no deseño, desenvolvemento e avaliación de plans e programas de compensación educativa e de reforzo e apoio escolar.

* Mellorar a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado, en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de inmigrante, por pertencer a minorías étnicas ou a familias en situación complexa ou problemática.

* Contribuír aos procesos de avaliación, seguimento e orientación do alumnado proposto para se incorporar a un ciclo básico de F.P.

* Coordinar actuacións e recursos con servizos e axentes externos .

* Colaborar e coordinar actuacións coas familias do alumnado destinatario das distintas medidas de atención á diversidade.

Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

4.a.- Programa de reforzo educativo: Neste programa atenderase , en principio, ao alumnado que ven do curso 14-15 coa exención de francés aprobada. Todos estes alumnos están escolarizados en 2º. Para novas incorporacións, esperamos á avaliación inicial

4.b.- Programa de recuperación de materias pendentes: estes programas dependen de cada departamento

4.c.- Adaptación curricular individual: actualizaranse as adaptacións que foron superadas no curso 18-19 e realizaranse as novas que se considere pertinente, logo de escoitar a opinión dos profesores implicados

4.d.- Programa de dde mellora da aprendizaxe e do rendemento: desenvolverase tal e como está lexislado
4.e.- Programa de adquisición da competencia curricular: en principio, temos unha alumna de 2º que está escolarizada baixo esta modalidade. Pode haber mais incorporacións a este grupo ao longo do curso, como pasou en cursos anteriores

Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

a.- Os horarios, como o resto das actividades que se realizan co alumnado con n.e.e., pretenden os obxectivos básicos que sinala a lexislación de normalización e integración destes alumnos.
b.- o alumnado participarán, prioritariamente, co seu grupo de clase nas materias manipulativas nas que predominan os contidos de carácter procedemental
c.- A atención educativa farase de modo personalizado, polo que os grupos non poderán ser numerosos.
d.- o alumnado sairán a actividades individuais de apoio as sesións necesarias para compensar as necesidades que presentan
e.- o alumnado de n.e.e. asistirán a apoio preferentemente durante os tempos en que o seu grupo recibe clase da mesma materia
f.- o alumnado recibirán apoio preferentemente nas áreas instrumentais básicas: Lingua Española; Lingua Galega e Matemáticas. En todo caso priorízase a participación do alumnado nas actividades xerais do grupo de referencia.

6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

A.- INTERNOS:

Titores e equipo de profesorado:

• Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
• Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
• Coordinar a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
• Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
• Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

Profesorado de apoio

• Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
• Colaborar, xunto a o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
• Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.
• Colaborar co profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
• Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
• Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
• Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
• Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Profesor de audición e linguaxe:

• atención ao alumnado que necesita apoio en linguaxe
• Colaborar, xunto a o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
• Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.
• Colaborar co profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.

Orientador :
• Participar na avaliación psicopedagóxica do alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso da avaliación psicopedagóxica.
• Deseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.
• Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
• Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagoxía terapéutica. Elevar esta proposta á xefatura de estudos.
• Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
• Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
• Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
• Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
• Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Equipo directivo :
• Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
• Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
• Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.
B.- EXTERNOS:
Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.
7. Mecanismos de coordinación internos así como con outras etapas educativas e cos Centros Adscritos
Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as funcións que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade.
*Actuacións de colaboración e coordinación internas
O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:
• Reunións dos órganos de goberno
• Reunións dos órganos colexiados
• Reunións do Departamento de Orientación
• Reunións dos Departamentos Didácticos
• Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
• Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ó ACNEAE, dentro e fóra do centro educativo.
• Reunións e contacto continuo dos tires co orientador
O intercambio de información coas familias e as actuacións vinculadas a esta tarefa, tamén afectan á estrutura organizativa e funcional do centro e reflíctense no apartado
Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos
En relación ós centros adscritos resáltase:
• O contacto cos centros de Primaria adscritos, o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...
• Reunións periódicas cos/as orientadores/as de Primaria para:
* Propoñer actuacións conxuntas a realizar (as cales se contemplarán no plan de orientación anual).
* Avaliar conxuntamente as actuación realizadas e reflectilas na memoria anual, para que sirvan de punto de

partida a novas actuacións.
* Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
* Facilitar o intercambio de información sobre ACNEAE.
* Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos Departamentos.
* Compartir recursos (probas psicopedagóxicas, material bibliográfico, etc.)
* Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º da ESO.
• Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias.
• Charlas e folletos informativos, dirixidas ó alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.
• Contacto cos centros que ofrecen unha opción formativa ou profesional ó noso alumnado unha vez rematada a ESO.

8. Canles de colaboración coas familias ou titores do alumnado e cos diferentes servizos externos

* Familias
• Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
• Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais.
• Os pais e nais terán información continuada a través da titoría e trimestral a través do Boletín de notas.
• Comunicación ás familias para solicitar a súa autorización no referente a: F.P.B.., Programas de mellora, Adaptación Curricular, exención de 2ª lingua estranxeira….
• Coordinación entre os profesionais que atenden ó ACNEAE

Para promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:
• Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
• Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento académico.
• Cuestionarios de inicio de curso para coñecer datos do contorno socio-familiar do alumnado, hábitos de estudo, ocio e tempo de lecer, características persoais do propio alumnado.
• Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica: tránsito da etapa de primaria a ESO, opcións académicas e profesionais dos seus fillos e fillas ao rematar a ESO, información de outras opcións para o alumnado que se atopa en grave risco de abandono escolar.
• Reunións por demanda das nais, pais e titores e titoras legais do alumnado e colaboración na avaliación psicopedagóxica, cando se estime oportuna, así como tamén no propio proceso de avaliación inicial.
• Participación a través do páxina web do instituto.

*Servizos Externos

En canto aos servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:
• Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais do concellos de Santiago destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta cas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc.
• A colaboración cos Servizos Sanitarios levase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
• Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades Educativas: Cruz Roxa, Arela, UMAD, etc
• Colaboración co EOE de A Coruña.
• Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación (ex. Drdorienta)
• Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da xefatura de departamento.

Actuacións cos servizos externos ao centro:
• Colaboración con servizos sociais do concello para facer o seguimento daqueles casos que se atopan en situación de desvantaxe social.
• Colaboración cos servizos sanitarios e o servizo de saúde mental do Hospital Clínico de Santiago.
• Colaboración co Equipo de Orientación Específico da Coruña

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

Utilizaranse, dependendo de cada caso e da necesidade os protocolos establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade do Centro

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

O Plan será revisado nas reunións ordinarias do departamento . As modificacións que haxa que realizar serán recollidas nas actas de reunión e incorporadas como anexos ao plan de atención á diversidade

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

As características do IES de Sar están recollidas nos documentos de organización do centro. Delas subliñamos as seguintes:
. Centro completo da ESO e Bacharelato, coas tres modalidades,.
. A dotación é de 37 profesores, organizados en Departamentos
. o alumnado están organizados en dous grupos en cada curso da ESO e catro grupos en bacharelato
. O ámbito sociocultural e económico do alumnado varía entre medio alto e medio baixo.

ANALISE DE NECESIDADES

En reunións mantidas cos profesores, detectamos que hai tres problemas que preocupan os profesores para este curso: Integración dos grupos, atención á diversidade, técnicas de traballo intelectual.
Cada un destes temas, e outros, serán desenvoltos por cada titor na súa hora de titoría na maneira que aquí se planificará.
No presente curso 2020-21 debese incorporar ao plan de acción titorial o Programa de apoio socioemocional para asistir ao alumnado afectado pola COVID. No desenvolvemento deste P.A.T. este programa constitúe un apartado independente e que se aplicará en todos os cursos de ESO Bacharelato nos que se considere necesario. O departamento de orientación dará apoio ao profesorado na súa aplicación. Este programa forma un anexo ao PAT.

OBXECTIVOS

1. Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, con especial incidencia naquel que presenta necesidades educativas especiais.
2. Coñecer a problemática e situación de cada alumno e alumna atendendo especialmente á falta de motivación, dificultades de integración, crises madurativas, ou problemática familiar.
3. Desenvolver no alumnado hábitos e estratexias para fomentar a aprendizaxe nas distintas áreas e materias, en colaboración cos distintos profesores e profesoras.
4. Ofrecer información ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
5. Facilitar a integración do alumnado no grupo-clase, fomentando a cohesión e participación do mesmo nas actividades do Centro.
6. Asesorar ao alumnado nas súas posibilidades académicas e profesionais.
7. Favorecer a coordinación do equipo educativo para adecuar ao grupo os obxectivos do curso.
8. Facilitar o coñecemento do alumnado mediante a información recíproca entre o titor ou titora e o profesor ou profesora da área ou materia.
9. Coordinar as sesións de avaliación do grupo e a posta en práctica das decisións adoptadas nas mesmas.
10. Detectar, de maneira precoz, as dificultades e problemas que presenta cada alumno ou alumna nas diferentes materias.
11. Favorecer a coordinación entre titores e titoras en aspectos referidos á programación e avaliación das actividades de titoría e tratamento da problemática individual ou grupal.
12. Ofrecer información aos pais e nais que permita a colaboración nos procesos educativos
13. Potenciar a colaboración entre as familias e o Centro.
14. Ofrecer información ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas e solicitar a colaboración para un mellor desenvolvemento do mesmo.

ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO EN RELACIÓN AO P.A.T.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACION
1. Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe 2. Coñecer a problemática e situación de cada alumno 3. Desenvolver no alumnado e alumnas hábitos e estratexias para fomentar a aprendizaxe nas distintas áreas e materias,. 4. Ofrecer información ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe. 5. Facilitar a integración do alumnado no grupo. 6. Asesorar ao alumnado nas súas posibilidades académicas e profesionais. 7. Favorecer a coordinación do equipo educativo 8. Facilitar o coñecemento do alumnado. 9. Participar nas sesións de avaliación do grupo e colaborar na posta en práctica das decisións adoptadas nas mesmas. 10. Detectar, as dificultades que presenta cada alumno ou alumna nas diferentes materias. 11. Favorecer a coordinación entre titores. 12. Ofrecer información aos pais. 13. Potenciar a colaboración entre as familias e o Centro. 14. Ofrecer información ás familias	*Elaboración da proposta do P.A.T. delimitación das actividades comúns e específicas de cada nivel e etapa. *Reunións para establece-la coordinación , secuencia e continuidade das intervencións a realizar nos distintos ciclos e etapas. *Reunións de periodicidade quincenal para planificar as accións conxuntas. *Asesoramento ós titores sobre as responsabilidades e tarefas da función titorial, e na elaboración da programación do grupo de titoría. *Recompilación e elaboración de materiais para ser traballados na sesión de titoría. *Colaboración na sesión de titoría. Participación, si é preciso do orientador nas reunións coas familias *Asesoramento e atención a pais e alumnos Formulación de propostas á CCP *Asesoramento en técnicas procedementos, e instrumentos para a avaliación continua e formativa dos procesos de ensino-aprendizaxe *Participación do D.O. nas xuntas de avaliación. Seguimento do alumnado e organización do apoio *Asesorar en dinámica de grupos, relacións interpersoais, técnicas de observación e entrevista *Determinación de procedementos e selección-elaboración de instrumentos para a avaliación. *Elaboración dunha memoria sobre o funcionamento do P.A.T.	Reunións de principio de curso Reunións do departamento cos coordinadores de nivel reunións de coordinación de titorías. Xornadas de acollida Reunións de coordinación de titorías Elaboración - recompilación de material por parte do D.O. Titores: hora de titoría Reunións cos pais con intervención dos titores, D.O. e equipo directivo Entrevistas individuais: D.O., titor Reunións da CCP Reunións coa xunta de profesores. Xuntas de avaliación. Reunión da Xunta de profesores cos profesores de apoio/reunións do D.O. Reunión de coordinación de titorías Reunión de coordinación de titorías Reunións do D.O. Elaboración por parte do Xefe de D.O.	Inicio de curso Setembro-outubro 1º,2º,3º trimestre inicio de curso inicio de curso 1º,2º,3º trimestre ídem ídem todo o curso 1º,2º,3º trimestre ídem ídem todo o curso 3º trimestre Xuño

BLOQUES DE ACTIVIDADES

BLOQUE 1.- ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E FUNCIONAMENTO DO GRUPO E DO CENTRO

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	ESTRATEXIAS
* Facilitar a toma de contacto do alumnado co centro e cos compañeiros.	Presentación do titor e do equipo directivo ós alumnos Visita ás dependencias do centro	exposición en gran grupo técnicas de grupo para a mellora das relacións interpersoais técnicas de grupo Visita polas dependencias do centro
*Recoller información, opinións e propostas do alumnado útiles para o mellor coñecemento do grupo.	Proporcionar información sobre: horarios, equipo docente, horas de titoría …. Breve información sobre organización do centro Recollida de información sobre datos de escolarización, persoais, familiares, sociais, necesidades, experiencias, motivacións….	- cuestionario -entrevistas iniciais -técnicas sociométricas - técnicas de grupo - observacións - informes de titores e profesores do curso anterior
* promover actividades que fomentarán a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do instituto	Selección de propostas, establecemento de comisións, pactar funcións, e responsabilidades e planificar as intervencións para cada comisión (comisión de actividades deportivas, de actividades culturais, de excursións, etc.)	Torbellino de ideas, Philips 6,6, traballo en grupos pequenos
* Motivar ós alumnos a participar nas actividades do centro.	Proporcionar información sobre a estrutura organizativa e obxectivos do Centro	Exposición en gran grupo, traballo en pequeno grupo
* Promover que o grupo adopte normas de conduta e funcionamento maduras , exercitando os seus dereitos e responsabilidades.	Exposición das formas de participación do alumnado na vida do centro e canles para participar os representantes do alumnado Actividades previas á elección de delegado…….	Traballo en pequenos grupos, posta en común, debate, campaña electoral, votacións …..
* Concretar a partir das normas xerais do centro as que rexerán na clase durante o curso.	Elaboración de un mural que recolla as normas de clase	Traballo en pequenos grupos posta en común

BLOQUE 2.- ACTIVIDADES DE TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Identificar os factores condicionantes do estudo e utilizalos en beneficio propio Adquirir a capacidade de planifica-lo estudo Proporcionar e afianzar o uso de técnicas de traballo intelectual e integralas de forma unitaria no seu proceso de aprendizaxe mediante un método persoal de traballo intelectual Aplicar estratexicamente as técnicas de traballo intelectual nas distintas áreas ou materias.	Actividades para sensibilizar sobre a necesidade e o beneficio que supón o uso e aplicación estratéxica das técnicas de uso persoal. Determinación dos hábitos de estudo do alumno Análise dos factores condicionantes do estudo e formas de utilizalos en beneficio propio Exercitación nun método de traballo: 2LSERM (lectura exploratoria, de profundización, subliñado, esquema, resumen, memorización Estratexias para aumentar o rendemento en clase: toma de apuntes, preparación de exames… exercitación no uso de técnicas específicas: mapas conceptuais, diagramas, etc.	Traballo en pequenos grupos, cuestionario Cuestionario inicial Traballo en pequenos grupos. Posta en común. Exposición en gran grupo, traballo en pequenos grupos, exemplificacións, traballo persoal, análise das producións…..

BLOQUE 3- PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	ESTRATEXIAS
* Proporcionar medios e actividades orientadas a coñecer e valorar adecuadamente as súas capacidades, motivacións, valores, aptitudes, situación académica e intereses * Favorecer a madurez vocacional e o desenrolo da capacidade de toma de decisións sobre o futuro académico e profesional * Favorecer o desenrolo da capacidade de búsqueda activa e crítica de información de tipo académico e profesional * Educar na capacidade para tomar decisións * facilita-la toma de decisión respecto do itinerario educativo na etapa e respecto da elección académica ou profesional posterior, proporcionando a información axeitada	<u>Autocoñecemento</u> Reflexión sobre o itinerario académico e vital de cada un. Análise de dificultades atopadas ata agora: ¿que materias foron máis difíciles, que situacións resultaron comprometidas.? ¿Que me gusta? ¿Como me vexo e como me ven? ¿Onde vivo? (entorno social e entorno familiar) ¿Que quero ser? ¿Que merece a pena? ¿Que se me da ben? ¿Que posibilidades teño de acadar éxito escolar nunha determinada especialidade?. ¿Que capacidades teño?. ¿cales non teño? <u>Desenrolo da madurez vocacional</u>: desenrolo de un autoconcepto, expectativas, motivación de logro. Desenrolo de actitudes socio-laborais adecuadas: consideración da igualdade de oportunidades socio-laborais, respecto polas distintas ocupacións e valoración do seu papel na sociedade, talante crítico ante a discriminación e explotación no traballo <u>Proceso de toma de decisións</u>. Actividades informativas sobre o mundo educativo e sobre o mundo laboral. Adestramento na busca de información, elección de optativas e análise e valoración das mesmas. Práctica guiada da toma de decisións en distintas situación de vida Adestramento en técnicas de busca de emprego	Entrevistas individuais, familiares. Actividades de dinámica de grupos, Desenrolo das actividades propostas no método elixido de acción titorial Realización de cuestionarios, autoinformes, probas estandarizadas. Reflexión sobre os datos acadados

BLOQUE 4.- SESIÓNS DE AVALIACIÓN Co alumnado

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Fomenta-la participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe e avaliación. Observar cómo perciben o alumnado o clima da aula e cómo se desenvolve o proceso ensinanza -aprendizaxe. Observar responsablemente o traballo realizado durante o trimestre e a súa repercusión nos resultados académicos. Adoptar compromisos para reforza-lo acadado e corrixir os erros advertidos. Analiza-lo conxunto de factores que interveñen no proceso educativo: actividade do profesor, programación, método, materiais, organización de aula, tipo de comunicación que se establece na aula, cantidade e calidade que reciben o alumnado	PREAVALIACIÓN Facilitar informacións xerais sobre avaliación na ESO, acordos establecidos no P.C.E., criterios de avaliación compartidos, datas nas que se informará dos resultados, xuntas de avaliación, criterios de promoción e titulación… Realizar a autoavaliación do alumno, a avaliación do grupo-clase e do proceso de ensinanza - aprendizaxe. Concretar acordos e medidas para remedia-los desaxustes e problemas detectados POSTAVALIACIÓN Entrega dos informes de avaliación. Análise, valoración dos resultados tomando como base a gráfica acumulativa cos resultados en tódalas materias, elaborada polo titor. Informar ó grupo do desenvolvemento da Xunta de avaliación e acordos tomados así como as medidas que se tomarán para mellorar a situación	Exposición en gran grupo Cuestionario de autoavaliación, do funcionamento do grupo e valoración do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Traballo en pequenos grupos Reunión en asemblea Entrevista individual co alumnado que o precisen

BLOQUE 5.- ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

OBXECTIVOS	DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN
Avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado e o proceso de ensinanza Profundar no coñecemento do grupo Reflexionar sobre os factores que inflúen na súa evolución. Orientar e soluciona-las dificultades que se detecten no grupo. Reflexionar e revisar a actuación co grupo, unificar criterios e planificar actividades de recuperación e adaptación curricular. Establecer axustes na programación, metodoloxía, etc.	Informe de cada profesor segundo as a ficha elaborada polo D.O. Presentación dos informes elaborados polo titor. Análise do tratado Valoración do funcionamento do equipo educativo e establecemento de propostas de solución para as deficiencias observadas, axustes na programación, metodoloxía, …. Alumnos con progreso satisfactorio: propostas para manter a motivación polo estudo Determinación do alumnado con problemas, e circunstancias que concorren neles. Adopción de medidas para atender as necesidades que presentan. Concreción do tratado. Establecer compromisos, acordos, pautas de actuación, etc Elaboración polo titor de un informe no que se reflicte o rendemento do grupo, análise estatística, participación, clima de traballo, actitude ante as normas, relación do alumnado cos profesores,…. Elaboración dun informe individual do alumnado que presenten dificultades. Proposta ó D.O. de realizar as intervención psicopedagóxicas oportunas

BLOQUE 6.- ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES
Obter información inicial sobre o alumnado útiles para o desenvolvemento das súas funcións docentes, avaliadoras e orientadoras. Recoller información, opinións e propostas de cada un dos profesores sobre calquera tema que afecte ó grupo ou a alumnos en particular e circunstancias que concorren na problemática do grupo e de determinado alumnado Unificar criterios co equipo docente e planear estratexias coordinadas para o tratamento flexible da diversidade Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, organizar e presidir as sesións de avaliación. Implicar ó profesorado nas tarefas orientadoras e concretar as actuacións do equipo docente	Realización dunha avaliación inicial(Avaliación cero), probas de nivel e determinar procedementos para recompilar información sobre a situación de partida do alumnado. Establecemento de acordos compartidos polo equipo docente respecto da definición de obxectivos comúns, instrumentos e criterios de avaliación, tratamento nas diversas materias dos temas transversais, medidas para atención á diversidade. Sesións de avaliación Definición da participación do profesorado en tarefas orientadoras: técnicas de traballo intelectual, avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe… e establecemento de procedementos para o seguimento e avaliación das intervencións planificadas
Mediar en situacións de conflito entre profesor e alumno	Análise de calquera conflito de un profesor co grupo, recollendo o seu punto de vista para encouzar a situación delimitando o problema e as súas causas e para orientar as posibles vías de intervención por parte do profesor e revisar a marcha do conflito

BLOQUE 7.- AVALIACIÓN DA TITORÍA

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Avaliar o funcionamento do P.AT, o P.O. e a programación levada a cabo Avaliar o desenvolvemento do PAT e as funcións de orientación asignadas ó titor para corrixir os desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio dos obxectivos , a adecuación das actividades, das estratexias de intervención e apoios recibidos, a temporización, recursos,….. Optimizar a programación de cara ó próximo curso	Concretar co D.O. os aspectos que van ser avaliados, e en que momentos se realizará. Definir e/ou elaborar e aplicar os instrumentos para a avaliación e autoavaliación. Análise e valoración dos resultados Elaboración dun informe que se axuntará á memoria do D.O. Planificación para o curso próximo	Reunións semanais de coordinación de titorías Cuestionarios dirixidos ós destinatarios das intervencións (alumno, profesores e pais) Cuestionario de autoavaliación Intercambios orais Contraste de experiencias Niveis de participación

BLOQUE 8.- REUNIÓNS COS PAIS

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cos pais que faciliten a conexión co centro e coas familias Informar ós pais sobre tódolos temas relacionados coa orientación dos fillos e as actividades de orientación Implicar ós pais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos. Intercambiar información sobre o alumno co fin de lograr unha mellor comprensión da súa situación.	Elaborar a citación ós pais , expoñendo os obxectivos da reunión, incluíndo o Orde do día. Reunión colectiva cos pais do alumnado do grupo ou nivel con presenza dos titores, equipo directivo, D.O. e profesores interesados para tratar os temas incluídos na rode do día Reunións para informar e pedir colaboración en relación a diversos programas. Reunións co titor o cos pais do alumnado que presentan algunha problemática particular. Entrevista individual Deseño do plan de intervención Seguimento e avaliación.	Reunións inicio/remate de curso Reunións durante o curso, convocadas previamente. Cartas informativas, informes de avaliación Cuestionarios dirixidos ás familias Contactos e colaboracións coa A.P.A. Reunións con grupo reducido Entrevistas individuais

GUIÓN DO PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL POLA COVID

Introdución.
Orientacións para a posta en práctica das actividades.
Actividades:
I. Actividades de presentación e acollida socioemocional no primeiro día:
Actividade 1.1: Benvida:
Actividade 1.2: Coidámonos.
Actividade 1.3: Presentación “si dígoche como son”.
Actividade 1.4. Presentación: a tarxeta de visita.
Actividade 1.5. Presentación: preséntovos a...

II. Actividades de expresión do vivido:
Actividade 2.1: Atópome, exprésome.
Actividade 2.2: Cóntoche un segredo.
Actividade 2.3: E ti que opinas?
Actividade 2.4. A miña liña da historia do covid-19.
Actividade 2.5. Cambiamos?
Actividade 2.6. Querida eu.

III. Actividades de seguimento: actividades destinadas ao fortalecemento e cohesión do grupo:
Actividade 3.1: O que desexo, o que temo
Actividade 3.2: A solución entre todos

Actividades destinadas ao fortalecemento das habilidades sociais:
Actividade 3.3: O teléfono escacharrado.
Actividade 3.4: Contamos a mesma historia?

Actividades destinadas ao fortalecemento da autoestima:
Actividade 3.5. O meu escudo de armas.
Actividade 3.6: ¡Fóra etiquetas!
Actividade 3.7: Hai unha carta para ti.
Actividade 3.8: Cal é o meu rol?
Actividade 3.9: A maleta de música do grupo.

IV. Cuestionario de coñecemento de experiencias durante o confinamento e situación actual (cuestionario para o alumnado).

CELEBRACIÓNS ESPECÍFICAS AO LONGO DO CURSO

Artigo 8 da Orde do Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia..
Conmemoracións
Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

2020	20 de novembro de	Día Universal da Infancia.
	25 de novembro	Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
	Do 30 novembro ao 7 de decembro	Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
	3 de decembro	Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
	10 de decembro	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
2021	30 de xaneiro	Día Escolar da non Violencia e da Paz.
	8 de marzo	Día Internacional da Muller.
	15 de marzo	Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
	Do 8 ao 12 de marzo	Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais
	7 de abril	Día Mundial da Saúde.
	Entre o 19 e o 23 de abril	Semana do Libro.
	2 de maio	Día Internacional contra o Acoso Escolar.
	9 de maio	Día de Europa
	Do 10 ao 14 de maio	Semana das Letras Galegas.
	5 de xuño	Día Mundial do Medio Ambiente.

SECUENCIACIÓN DAS ACTIVIDADES DE TITORÍA

1º DE ESO PRIMEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	**OBXECTIVOS**	**ACTIVIDADE**
ACOLLIDA Ó INICIO DE CURSO. PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL	Dar unha acollida cálida ó alumnado.	Actividades de acollida non primeiro día de clase.
	Realizar unha actividade de contacto e convivencia entre o alumnado	Informar do horario, características da ESO., disciplina non centro...
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución dos conflitos do grupo.
	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos nos grupo.	
MELLORA DA CONVIVENCIA.	Comprobar as vantaxes da cooperación.	Debuxo e puzzles compartidos.
	Identificar o nome dos profesores.	Descubre a clave e Cuestionario Inicial.
	Recoller os datos iniciais de interese do alumnado.	
ELECCIÓN DE DELEGADOS.	Motivar para unha elección responsable.	Actos de elección do delegado.
	Elixir o delegado e cumprimentar o acta.	
MELLORA DO RENDEMENTO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o funcionamento e rendemento como grupo.	Posterior á primeira sesión de coordinación.
	Propiciar a toma de compromisos de colaboración na mellora do rendemento	
TÉCNICAS DE ESTUDO.	Reflexionar sobre o seu método de estudo.	O meu sistema de estudo.
	Buscar estratexias para solucionar dificultades.	¿Qué lle aconsellas?
MELLORA DO RENDEMENTO.	Motivalos ó estudo, recoller as súas propostas para a sesión de avaliación.	Sesión previa a avaliación.
MELLORA DA IMAXE PERSOAL.	Crear unha actitude positiva ante estas actividades.	Tests dos tres minutos.
	Reflexionar sobre condutas e riscos persoais.	Cuestionarios de reflexión sobre a imaxe persoal.

P.A.T. PARA 1º DE ESO		
SEGUNDO TRIMESTRE		
PROGRAMA	**OBXECTIVOS**	**ACTIVIDADE**
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución dos conflitos do grupo.
		Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos nos grupos.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Facilitar ó alumno a reflexión sobre o seu rendemento. Propiciar a toma dun compromiso de mellora do rendemento e a disciplina.	Posterior á primeira sesión de avaliación.
TÉCNICAS DE ESTUDO.	Valorar a necesidade de realizar unha escoita activa	A escoita activa.
	Comprobar as vantaxes da lectura activa.	A lectura activa.
PROGRAMA DE MELLORA DA CONVIVENCIA.	Facilitar a apertura da comunicación non grupo.	Un minuto de sinceridade e relatos con engano.
	Reflexionar sobre algúns conflitos de disciplina.	Estudo de casos de disciplina.
DEBATES.	Adquirir experiencias de debate organizado en grupo	El terremoto.
MELLORA TRABALLO EN GRUPO.	Adquirir experiencias de traballo en grupo.	Colonia espacial ZP2.
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Traballar sobre a capacidade de orientación.	Pérdete.

P.A.T. PARA 1º DE ESO		
TERCEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	**OBXECTIVOS**	**ACTIVIDADE**
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS GRUPO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución dos conflitos do grupo.
	Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	
TÉCNICAS DE ESTUDO.	Buscar motivos para estudar.	Motivámonos para o estudo.
	Mostrar unha estratexia para facilitar a comprensión.	Técnicas de comprensión activa
	Comprometerse na súa mellora.	Melloramos as condicións de estudo.
DEBATES.	Adquirir experiencias de debate organizado en grupo	Teleadicción.
MELLORA IMAXE PERSOAL.	Mellora da imaxe e apertura do grupo.	Tíos, sobriños; describo como es; imito a meu ...
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Exercitar o razoamento lóxico.	Tras a pista
DESPEDIDA.	Desenvolver sentimentos positivos ante a despedida.	Describir o final e historia en cascada.
VALORACIÓN DA TITORÍA.	Valorar a utilidade da titoría e motivar a participar nela para anos posteriores.	Debate de valoración sobre as actividades realizadas.

P.A.T. PARA 2º DE ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
ACOLLIDA Ó INICIO DE CURSO. PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL	Dar una acollida cálida ó alumnado Realizar una actividade de contacto e convivencia entre lo alumnado	Actividades de acollida no primeiro día de clase. Informar do horario, características de a ESO., disciplina no centro...
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.
	Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	
MELLORA DA CONVIVENCIA.	Comprobar as vantaxes da cooperación.	O rumor.
	Recoller os datos iniciais de interese do alumnado.	
	Identificar o nome dos profesores.	Descobre a clave e Cuestionario Inicial.
ELECCIÓN DE DELEGADOS.	Motivar para una elección responsable.	Clarificar as funcións dun bo delegado.
	Elixir o delegado e cumprimentar el acta.	Acto de elección do delegado
MELLORA DO RENDEMENTO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o funcionamento e rendemento como grupo.	Posterior á primeira sesión de coordinación.
	Propiciar a toma de compromisos de colaboración en a mellora do rendemento e a disciplina.	
TÉCNICAS DE ESTUDIO.	Reflexionar sobre o seu método de estudio.	O suliñado
	Buscar estratexias para solucionar dificultades.	Os resumes
MELLORA DO RENDEMENTO.	Motivalos ó estudio, recoller as súas propostas para a sesión de avaliación.	Sesión previa a avaliación.
MELLORA DA IMAXE PERSOAL.	Reflexionar sobre condutas e resgos persoais	Cuestionarios de reflexión sobre a imaxe persoal.
		Cuestionarios de reflexión sobre a imaxe persoal.

SEGUNDO TRIMESTRE		
PROGRAMA	OBXECTIVOS	ACTIVIDADE
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.(A criterio do titor ou demanda do alumnado)
MELLORA DO RENDEMENTO.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o seu rendemento. Propiciar a toma dun compromiso de mellora do rendemento e a disciplina.	Posterior á primeira sesión de avaliación.
TÉCNICAS DE ESTUDIO.	Mostrar un método de estudio eficaz.	Un bo método de estudio
	Comprometerse coa planificación sistemática.	Planificamos o noso estudio.
PROGRAMA DE MELLORA DA CONVIVENCIA.	Facilitar a mellora das relacións de grupo.	Cando..., me sinto..
	Reflexionar sobre algúns conflitos persoais.	Estudio de casos de disciplina.
DEBATES.	Adquirir experiencias de debate organizado en grupo	La violencia entre compañeiros.
MELLORA TRABALLO EN GRUPO.	Adquirir experiencias de traballo en grupo.	Náufragos nunha illa.
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Traballar sobre a capacidade de consulta de datos.	Buscamos respostas.

P.A.T. PARA 2º DE ESO		
TERCEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución dos conflitos do grupo.(A criterio do titor ou demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
TÉCNICAS DE ESTUDO.	Proceso activo de aprendizaxe.	Comprometerse con un estudo activo.
	¿Como preparar exames?	Comprometerse na preparación sistemática.
	Comparación estudante - atleta.	Comprometerse en a mellora do sistema de estudo.
DEBATES.	¿Que pensas das persoas maiores?	Adquirir experiencias de debate organizado en grupo
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Refráns, ditos e frases feitas.	Desenvolvemento da expresión de razoamentos.
	Trala pista.	Exercitar o razoamento lóxico.
DESPEDIDA.	O mellor que me pasou e mensaxes amigables.	Desenvolver sentimentos positivos ante a despedida.
VALORACIÓN DA TITORÍA.	Debate de valoración sobre las actividades realizadas.	Valorar a utilidade da titoría e motivar a participar nela para anos posteriores.

P.A.T. PARA 3º DE ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
ACOLLIDA Ó INICIO DE CURSO. PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL	Actividades de acollida no primeiro día de clase.	Dar una acollida cálida ó alumnado. Informar do horario, características da ESO., disciplina no centro... Realizar unha actividade de contacto e convivencia entre lo alumnado
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.	Facilitar ao alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración
MELLORA DA CONVIVENCIA.	A máquina rexistradora.	Analizar a influencia das suposicións persoais.
	Descubre a clave e Cuestionario Inicial.	Identificar o nome dos profesores. Recoller os datos iniciais de interese do alumnado.
ELECCIÓN DE DELEGADOS.	Debate sobre tipos de delegados.	Motivar para una elección responsable.
	Acto de elección do delegado.	Elixir delegado e cumprimentar o acta.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Posterior á primeira sesión de coordinación.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o funcionamento e rendemento como grupo. Propiciar a toma de compromiso de colaboración na mellora do rendemento e a disciplina.
TÉCNICAS DE ESTUDIO.	Repaso do subliñado e resumo.	O uso das anotacións e o estudio eficaz.
	Repaso do subliñado e resumo (continuación).	Conseguir un compromiso de estudio activo.
	Os esquemas.	Mostrar como se fan e comprometelos neles.
MELLORA DO RENDEMENTO	Sesión previa á avaliación.	Motivalos ó estudio, recoller as propostas para a sesión de avaliación.
MELLORA IMAXE PERSOAL.	Actividades sobre valores persoais.	Aportar oportunidades de reflexión persoal sobre algúns valores e modelos de conduta persoais.

P.A.T. PARA 3º DE ESO		
SEGUNDO TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.(A criterio do titor ou demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Posterior á primeira sesión de coordinación.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o rendemento. Propiciar a toma dun compromiso de mellora.
TÉCNICAS DE ESTUDIO.	Descubrimos como render mais nos nosos estudios.	Realizar unha autoanálise e compromiso de mellora.
	¿Como sacarlle provecho ó estudio?	Mostrarlles como render mais con menos esforzo.
MELLORA DA CONVIVENCIA.	A poxa.	Reflexionar sobre algúns valores persoais.
MELLORA DO TRABALLO EN GRUPO.	Decálogo do “mal cooperador”	Reflexión das características do mal cooperador.
	Problema de lóxica.	Analizar experiencias de traballo en grupo.
DEBATES.	¿Como te ves a ti mesmo como estudante?	Analizar las características de algúns estudantes.
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Clasificamos monumentos.	Exercitarse en a clasificación.

P.A.T. PARA 3º DE ESO		
TERCEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.(A criterio do titor ou demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
TÉCNICAS DE ESTUDO.	Imos a facer "chuletas".	Previr sobre o uso, motivar ó estudo.
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Tras a pista.	Desenvolver o razoamento e ter experiencias de traballo en grupo.
	Cóctel de palabras e a frase misteriosa.	
ASESORÍA VOCACIONAL.	Reflexión sobre a continuación de estudos para a elección de optativas.	Informar e facelos reflexionar para un elección apropiada da optatividade.
DEBATES.	Como o montades cos amigos?	Debater sobre o tema.
DESPEDIDA DO CURSO.	O mellor que pasou.	Desenvolver actitudes positivas entre o alumnado.
VALORACIÓN DA TITORÍA.	Debate de valoración sobre as actividades realizadas.	Valorar a utilidade de a titoría e motivar a participar nela para anos posteriores.

P.A.T. 4º DE ESO

P.A.T. PARA 4º DE E.S.O.		
PRIMEIRO TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
ACOLLIDA Ó INICIO DE CURSO. PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL	Actividades de acollida no primeiro día de clase.	Dar una acollida cálida ó alumnado. Informar do horario, características de a ESO., disciplina no centro...Realizar una actividade de contacto e convivencia entre o alumnado
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo. (A criterio do titor o demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
MELLORA DA CONVIVENCIA.	Entrevista e soltar lastre	Dar una oportunidade para cambiar experiencias.
	Descubre a clave e Cuestionario Inicial.	Identificar o nome dos profesores. Recoller os datos iniciais de interese do alumnado.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Posterior á primeira sesión de coordinación.	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o funcionamento e rendemento como grupo. Propiciar a toma de compromiso de colaboración na mellora do rendemento e a disciplina.
TÉCNICAS DE ESTUDIO.	Traballamos a memoria	Facilitar estratexias para memorizar.
	Traballamos a nosa capacidade de recordar	Facilitar estratexias para recordar e mellorar a concentración.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Sesión previa á avaliación.	Motivalos ó estudio, recoller as propostas para a sesión de avaliación.
ASESORÍA VOCACIONAL.	A miña imaxe persoal.	Aportar oportunidades de reflexión persoal, mellora do autocoñecemento e propiciar una posterior toma de decisión vocacional axustada.
	Intereses e capacidades.	
	¿Que tipo de traballo queres?	

P.A.T. PARA 4º DE ESO		
2º TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.(A criterio do titor o demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos nos grupos. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
MELLORA DO RENDEMENTO.	Sesión posterior á avaliación.	Propiciar un compromiso de mellora do traballo.
ASESORÍA VOCACIONAL.	Valores profesionais.	Reflexionar e identificar algúns valores profesionais.
	De información de estudios.	Achegar información sobre o tema.
	Estudo de casos.	Exercitarse en a toma decisións.
	Estudo de casos.	Facilitar a formulación dun "enfoque de vida" propio.
EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	Consumo de drogas.	Reflexionar, recoller información e debater sobre o tema.
MELLORA TRABALLO EN GRUPO.	O misterio da avenida complicada.	Adquirir experiencias de organización do traballo en grupo.
MELLORA DO RAZOAMENTO.	Planetas do sistema solar.	Exercitar o razoamento lóxico e adquirir experiencias de organización do traballo en grupo.

P.A.T. PARA 4º DE ESO		
3º TRIMESTRE		
PROGRAMA	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución de los conflitos do grupo.(A criterio do titor ou demanda do alumnado)	Facilitar ó alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os conflitos nos grupos. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.
MELLORA TRABALLO EN GRUPO.	Mensaxes en clave e contar anécdotas.	Vencer a inhibición a participar en grupo.
ASESORÍA VOCACIONAL.	Información sobre continuación de estudos (2ª parte)	Achegar oportunidades de reflexión persoal, recoller e ampliar a información vocacional, asegurar a comprensión da mesma, facilitar a reflexión persoal para a toma de decisión vocacional.
	Estudo de casos: final de estudios.	
	Toma de a decisión vocacional.	
	Guía de reflexión para a elección de estudios.	
DEBATES.	A liberdade implica responsabilidade.	Reflexionar sobre a necesidade de responsabilizarse das decisións persoais.
ASESORÍA VOCACIONAL.	Despegamos cara ao futuro.	Animalos a encarar con ilusión os estudos futuros.
DESPEDIDA DE CURSO.	Cápsula temporal e intercambio de regalos.	Crear sentimentos positivos ante a despedida.
VALORACIÓN DA TITORÍA.	Debate de valoración sobre as actividades realizadas.	Valorar a utilidade da titoría e motivar a participar nela para anos posteriores.

METODOLOXÍA DA ACCIÓN TITORIAL

A.- ASPECTOS XERAIS

1.- Na primeira quincena de setembro, reuniranse os titores co orientador. Nesta reunión o orientador deberá poñer en coñecemento dos titores o esquema do P.A.T. que se pretende desenvolver ó longo do curso.
2.- Ao longo do curso, iranse tratando os temas acordados, coordinados polo orientador que, ao mesmo tempo, proporcionará o material que se vai traballar, e que logo os titores fotocopiarán e reproducirán.
3.- Buscarase a maneira de que cada nivel educativo, ou cada titor revise cada 2-3 semanas o P.A.T. co orientador.
4.- Cando se desenvolvan sesións de titoría por parte de monitores externos ao centro, será o titor/a o encargado de coordinar a atención as necesidades que se presentan.
4.- Cada titor desenvolverá a súa sesión de titoría seguindo os principios que aquí se establecen.
5.- Establécense as seguintes sesións para as reunións cos titores

B.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DAS INTERVENCIÓNS COS GRUPOS.

As actuacións a desenvolver cos diferentes grupos de alumnos e alumnas, respecto da Acción Titorial, deberán guiarse por unha serie de criterios que permitan discernir, en cada caso, cal destas intervencións é a máis adecuada para a consecución dos obxectivos establecidos para o grupo.
Esta selección, e os criterios que se teñan en conta na mesma, xustifícanse desde a necesidade de diversificar as actuacións en función do colectivo ao que se dirixe e de responder as necesidades -concretas e diferentes- expostas en cada caso.
1. As intervencións deben ter como prioridade a prevención, evitando a aparición de problemas e dificultades por parte do alumnado e anticipándose aos mesmos.
2. As actuacións elixidas estarán en consonancia coas características e peculiaridades do IES de Sar
3. Adaptación ás características do alumnado, individualmente e en grupo, e do Centro: intereses, motivacións, capacidades, necesidades, recursos, contexto de desenvolvemento, etc.
4. As actuacións que leven a cabo terán en conta a súa utilidade e que provoquen un mellor desenvolvemento do alumno ou alumna na súa vida cotiá e a súa preparación para a vida.
5. Seleccionar intervencións que sexan atractivas para o alumnado e que susciten o seu interese, participación e implicación.
6. As actuacións deben ser realistas e posibles de levar á práctica cos medios e recursos (persoais, materiais, formación, etc) co que contamos.
7. Evitar a elección de actividades de gran complexidade, priorizando aquelas que permitan unha fácil aplicación.
8. Provocar a capacidade crítica do alumnado a través de procesos de reflexión persoal, individual e grupal.
9. As actuacións favorecerán o traballo autónomo por parte do alumno ou alumna.
10. Selección de actividades que potencien as relacións interpersoais e a inclusión entre o alumnado, así como a cultura de paz e non violencia.
11. As intervencións que se realicen co alumnado facilitarán o desenvolvemento global do mesmo.
12. Deben garantir a conexión e relación, a través dunha adecuada coordinación, entre as intervencións que se desenvolvan desde as áreas e materias e as desenvolvidas desde a propia titoría

C.- CRITERIOS XERAIS AOS QUE SE AXUSTARÁ A INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA

1. A finalidade que debe rexer a atención individualizada cun alumno ou alumna será a prevención de dificultades e problemas, evitando a aparición dos mesmos, e a intervención ante a aparición destes.
2. Non debe mediar tempo excesivo entre a aparición dunha dificultade ou problema e a intervención, debendo ter esta un carácter inmediato.
3. A atención individualizada estenderase a todos o alumnado e alumnas, independentemente de que estes presenten dificultades ou non, en aras da promoción do desenvolvemento global de cada alumno e alumna.
4. O horario máis adecuado para a atención individualizada dun alumno ou alumna determinarase en función das características do mesmo pero, como norma básica, resérvanse os tempos de lecer para a atención ao alumnado. Se é preciso a ocupación de horas de clase daráselle a coñecer ao profesor/a afectado.
5. A atención individualizada ao alumnado levará a cabo nun clima de confianza que permita o establecemento dunha relación adecuada e apoie os obxectivos que a mesma pretende.
6. Adaptación ás características e necesidades de cada alumno ou alumna, contemplándose aquelas

características diferenciais en aspectos tales como intereses, motivacións, capacidades, necesidades, recursos, contexto de desenvolvemento, etc.
7. Tenderase a buscar a colaboración e compromiso do alumno ou alumna na temática exposta, favorecendo a autonomía do mesmo.

D.- ORGANIZACIÓN DA COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.
O traballo docente que se desenvolve no IES de Sar require, para a consecución dos obxectivos expostos, a implicación, participación e colaboración das familias do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe emprendidos.
Neste sentido, a comunicación coas familias é un aspecto fundamental para o logro dos devanditos obxectivos e, en consecuencia, un dos eixes centrais de intervención da Acción Titorial. Por iso, os procedementos para desenvolver esta comunicación serán os seguintes:
1. Reunións con pais e nais do alumnado dun mesmo grupo.
Datas: Haberá unha reunión, obrigatoria, ao comezo de curso e poderanse celebrar outras reunións cando se considere necesario.
Será Xefatura de estudos quen convoque ás familias para a asistencia a estas reunións.
Nesta reunións trataranse temas xerais que afectan ao grupo ou ao Instituto, tales como: normas de convivencia, normas de comunicación, establecemento de hábitos de traballo en cas, control da conduta no centro, etc..
2. Entrevistas individualizadas coas familias.
As familias poderán comunicarse cos titores ou cos profesores dos seus fillos/as seguindo o procedemento que, con carácter xeral ten establecido o Centro.
Para entrevistarse co Orientador, bastará con solicitar unha entrevista con un día de anticipación.
Dentro do posible, o Orientador atenderá as familias que non seguiran o establecido no punto anterior e se presenten no Instituto para falar co Orientador.
Prestarase especial atención a: pais e nais do alumnado que non superase tres ou máis materias.
Utilizarase o procedemento xeral establecido no Instituto para que o Titor/a recolla información do resto dos profesores

CADRO DE TITORES NO CURSO 2020-21

CURSO	TITOR/A
1º ESO A	Gonzalo Álvarez
1º ESO B	Carmen Pedreira
2º ESO A	Esperanza Mariño
2º ESO B	Tamara Paredes
3º ESO	Tito Figueiredo
4º ESO A	Fernando Barreiro
4º ESO B	Alejandro Braña
1º BACHARELATO A	Eva Rieiro
1º BACHARELATO B	Sonia Dopazo
1º BACHARELATO C	Mª Teresa Ruíz
1º BACHARELATO D	Santiago Conde
1º BACHARELATO E	Educación Física
1º BACHARELATO F	Marina Fernández
2º BACHARELATO A	Emma Fernández
2º BACHARELATO B	Silvia Díaz
2º BACHARELATO C	Inés Vidal
2º BACHARELATO D	Isaac Valiña
2º BACHARELATO E	Ana Castiñeira

HORARIO DE COORDINACIÓN DO PAT

No curso 2020-21 seguindo as instrucións derivadas da lexislación vixente, e da imposibilidade de contabilizar estas no horario docente do profesorado, non se establece un horario semanal de reunións de coordinación das titorías cos titores da ESO. En consecuencia, estas reunións faranse por petición de cada titor/a ou por iniciativa do orientador.

AVALIACIÓN DO PAT

A avaliación será abordada desde dúas perspectivas. Por unha banda, desde o seguimento continuado das actuacións desenvolvidas (avaliación de proceso) e unha avaliación final ou de produto, como aquela que implica unha valoración dos resultados finais de cada un dos retos expostos. Ambas han de ter un carácter formativo, no sentido de que deben servir, ou ben para analizar o que se está facendo con intención de afianzar ou de cambiar, no caso da avaliación procesual, ou ben para enriquecer propostas futuras a partir da avaliación final.

Procedementos

1. Análise continua da Acción Titorial, a través de reunións de coordinación do Departamento de Orientación cos titores e titoras de nivel e de coordinación dos membros do equipo educativo.
2. Observación e análise dos procesos de ensino- aprendizaxe dos grupos de alumnos e alumnas.
3. Seguimento a través dos expedientes académicos.
4. Diálogo e debate na clase.
5. Cuestionarios de avaliación para titores, titoras e alumnado.
6. Avaliación final a través de entrevistas con titores e titoras e cuestionarios ao alumnado.
7. Inclusión na Memoria Final de curso da valoración realizada así como de propostas de mellora para o próximo curso escolar.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

ANALISE DE NECESIDADES

O alumnado que están en cuarto curso teñen que tomar unha serie de decisión para o próximo curso.
Tanto o alumnado como as familias teñen pouca información sobre as características, tanto do mundo académico como do mundo laboral
Algúns alumnos e familias desestiman certas opción por descoñecemento ou por ter "mala prensa"
O curso pasado houbo unha moi boa aceptación das actividades que se desenvolveron
Non hai tanta demanda de información por parte do alumnado sobre os temas de mercado laboral como de características do ensino non brigatorio
Moito alumnado non se pararon a reflexionar sobre as súas características, e as súas posibilidades.
O alumnado de Bacharelato necesita moita información sobre o acceso á universidade: probas, tipo de probas, puntuación, solicitude de praza, matrícula, oferta de estudos, etc

OBXECTIVO XERAL

A orientación vocacional ten por obxecto axudar ó alumnado a valorar e actualizar as preferencias académico-profesionais para que poida formular libre e responsablemente unha decisión persoal,.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O proceso de toma de decisións debe realizalo o propio alumno, nunca por outros membros da comunidade educativa (pais, profesores, titor, orientador), que si teñen, en cambio, a responsabilidade de ofrecerlle a orientación e información que precisen para levalo a cabo.
As fases que comprende o programa de orientación académico-profesional son:
1. Fase de información.
Investigación. Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de busca, selección, tratamento e transmisión da información.
2. Fase de reflexión.
Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal do alumno e as opcións e posibilidades que se lle presentan.
3. Fase de toma de decisións.
Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais que se atopan na oferta xeral.

OBXECTIVOS

a) Favorecer o autocoñecemento do alumnado reflexionando sobre as súas posibilidades e limitacións.
b) Proporcionar instrumentos que faciliten a reflexión ao alumnado sobre os seus intereses, aptitudes, destrezas e motivacións.
c) Coñecer os intereses profesionais do alumnado.
d) Relacionar as características persoais cos intereses profesionais.
e) Proporcionar información ao alumnado de 3º de E.S.O., sobre as opcións académicas de 4º de E.S.O. e a súa vinculación con estudos posteriores.
f) Coñecer e analizar a oferta académica e formativa ao termo do ensino obrigatorio: titulacións, lugares, condicións de acceso...
g) Coñecer as profesións das zona de Santiago.
h) Coñecer procedementos de procura de emprego.
i) Exercitarse nas técnicas de procura de emprego (cartas, entrevistas, currículo...).
j) Coñecer e practicar as fases do modelo de toma de decisións.
k) Elaborar un itinerario formativo ou profesional realista, seguindo as fases do modelo de toma de decisións.
l) Atender de forma individualizada ao alumnado e ás familias ante casos de incerteza ou necesidade de

información máis especializada.
m) Establecer relacións de colaboración cos recursos persoais e/ou institucións do entorno para favorecer o asesoramento integral do alumnado do centro: EOE, DO doutros centros, Concello, SAE...
n) Informar as familias sobre as opcións académicas e profesionais ao termo da E.S.O.
ñ) Ofrecer información ás familias sobre os requisitos e o proceso de matriculación nas distintas opcións formativas ao termo da E.S.O.

ACTIVIDADES

5.1.-CO ALUMNADO DA ESO

1º ESO:	Coñecemento do sistema educativo	PMAR
	Toma de decisións	Criterios de promoción
	Autocoñecemento	Actividades de autoestima
2º ESO	Toma de decisións	3º de ESO
	Autocoñecemento	F.P. Básica
	Optativas do centro	Matemáticas aplicadas e matemáticas académicas
	Actividades de autoestima	PMAR
3º E.S.O.	Elaborar unha guía para o coñecer as aptitudes propias.	4º de ESO ensinanzas aplicadas- ensinanzas académicas. O bacharelato. A F.P.
	Elaborar unha guía de intereses.	Avaliación final
	Actividades para mellorar a autoestima.	Criterios de promoción
	Actividades para reflexionar sobre a discriminación sexual.	Estudo e reflexión sobre as opcións educativas e a optatividade do centro.
	Criterios de titulación	F.P. Básica.
	Identificar diferentes camiños e alternativas.	Acceso á F.P. De Grao medio
4º E.S.O.	Autocoñecemento da situación persoal.	Avaliación final
	Busca de información profesional.	Criterios de titulación
	Coñecemento das opcións e estudios posteriores.	Bacharelato, F.P., ensinanzas de réxime especial
	Identificar diferentes camiños e alternativas.	Mundo laboral
	Informar ás familias das opcións .	Acceso á F.P. De Grao medio

2.- CO ALUMNADO DE BACHARELATO
Autocoñecemento das características persoais, no referido a intereses, motivacións, valores, características cognitivas, etc… .-
Coñecemento e reflexión sobre as peculiaridades académicas.
A ABAU. Noticias, lexislación, características, etc
Valoración responsable sobre as condicións e alternativas de traballo que poden interesar
Valoración das posibilidades de seguir no sistema educativo mediante a realización da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou superior. Neste sentido, coñecemento das posibilidades de formación existentes tanto no concello como en zonas de influencia
Os estudos superiores de deseño: oferta e características
Estudos de grao. Características e oferta.
A residencia universitaria
Incorporación ao mundo laboral

3.- COAS FAMILIAS
Cas familias do alumnado levaranse a cabo dous tipos de actividades:
3.a.- Actividades de información xeral : polo que se lles enviará información en forma de trípticos, folios, etc.. sobre as características do sistema educativo, saídas desde a ESO, centros de ESPO da zona de Santiago, etc.

3.b.- Sesión informativa conxunta para pais e alumnos: polo que na última semana de maio, ou nas primeiras de xuño (en función da coordinación do centro) celebrarase unha sesión informativa para alumnos e familias conxuntamente, e as que se invitará ós centros de ESPO para que falen das características de cada centro.
Durante a última quincena do curso, e en colaboración cos equipos directivos dos centros adscritos, levarase a cabo unha reunión co alumnado de 6º de primaria e coas súas familias para explicarlles como se vai a desenvolvelo próximo curso.
3.c.- Información individual: polo que, e seguindo a actividade normal do Departamento, informarase ás familias do que se solicite en relación os seus fillos.
Coas familias de Bacharelato, realización dunha actividade informativa en colaboración coas Universidades galegas que desexen participar, e da maneira na que se poida organizar de información sobre os temas de acceso á universidade

4.-COS TITORES/AS
Desde Departamento de Orientación facilitarase todo tipo de información e material para que os titores poidan desenvolve-las actividades propias da titoría.
Este apoio á titoría concretarase en:
Orientación para a organización das sesións
Aporte de material para desenvolve-las actividades
Asesoramento na elaboración de información sobre bacharelatos, itinerarios, ciclos formativos, saídas laborais, etc.
Apoio no desenvolvemento de actividades de información as familias

RECURSOS

a) Humanos: Titor/a, Departamento de Orientación
b) Materiais: Aula do grupo, Material de reprografía, Dípticos informativos
Para levar a cabo algunhas actividades, intentarase establecer contacto con institucións externas á comunidade educativa: outros centros nos que se imparte ensino postobrigatorio e tamén se intentarán relacións con empresas do entorno.
Continuar na realización da páxina web de información par alumnos, familias e profesores, e inserción desta páxina na xeral do IES

TEMPORALIZACIÓN

As actividades que se propoñen para desenvolver o POAP desenvólvense dentro da estrutura de actividades do P.A.T., polo que os diversos aspectos que compoñen o programa de orientación iranse desenvolvendo ó longo do curso, tal como se explícita no P.A.T., e a temporalización depende da organización do P.A.T..
En todo caso, o groso das actividades do POAP desenvolverase ó longo da terceira avaliación, e seguindo a experiencia do curso pasado, comezaremos na semana seguinte á segunda avaliación.-
En cuarto curso será o orientador o responsable de desenvolve-las actividades, de maneira que na hora de titoría de alumnos do tres cuartos e durante a terceira avaliación, o orientador será o responsable do desenvolvemento das a actividades de orientación académico-profesional.

SECUENCIA DAS ACTIVIDADES

a.- Centros adscritos
Cos centros adscritos: Ao longo do curso, e en colaboración co Departamento de orientación de cada centro, convocarase unha reunión co alumnado de sexto de primaria e coas súas familias, nas que se lles dará información sobre as características do IES , e as peculiaridades do próximo curso: materias, profesores, horarios, transporte, etc. Para esta actividade contarase coa colaboración dos orientadores e dos equipos directivos dos centros adscritos
b.- Optativas
Para o alumnado que promociona de curso, durante as últimas sesións de titoría do terceiro trimestre daráselles unha explicación extensa sobre as optativas do próximo curso

c.- Permanencia dun ano mais no curso.
O alumnado e as familias que o necesiten terán unha explicación minuciosa por parte do titor, coa colaboración do D.O. dos motivos polos que se optou pola permanencia dun ano mais.
d.- Alumnos que se integran no Programa de mellora da aprendizaxe e alumnos propostos para se incorporar a un ciclo básico de F.P.
Para estes alumnos, e dentro do proceso normal de incorporación a estes grupos, realizaranse unhas reunións persoais co alumnado e cas familias nas que se lles explicará as características persoais e escolares que reúnen o alumnado así como as características tanto dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento como da F.P. Básica. Estas reunións levaranse a cabo no último mes, e sobre todo na última quincena do curso, unha vez que os equipos docentes tomen as decisións oportunas.
e.- Alumnos que abandonan a escolaridade:
o alumnado que non acadan o graduado e queren abandonar a escolaridade, ofrecéraselles información sobre as actividades descritas no apartado anterior (programas de mellora e F.P. B.).
Para estes alumnos organizaranse unhas reunións (maio-xuño) no Departamento de orientación nas que, a eles e as súas familias, daráselles o apoio necesario para a toma de decisións sobre: programas de mellora., F.P.B.., ou mundo laboral. Estas sesións serán propiciadas polo titor/a do alumno, que será o principal axente.
f.- Alumnado de 4º de ESO
Para o alumnado de cuarto, durante a terceira avaliación desenvolveranse as seguintes actividades, coincidindo coa sesión de titoría: actividades de autocoñecemento, actividades de toma de contacto co mundo laboral, actividades de coñecemento dos itinerarios nos bacharelatos e dos distintos ciclos formativos, incluído o coñecemento das distintas modalidades que se ofertan na contorna de Santiago.
Actividades para realizar a matrícula nestes centros.
O mundo universitario (1ª toma de contacto).
Temporalización destas actividades
Desenvolveranse ó longo da terceira avaliación: mediados de marzo, abril, maio e Xuño. Realizarase unha sesión semanal con cada grupo de cuarto

1º sesión	Presentación das sesións
2º sesión	O mundo laboral. Tipos de contrato. As actividades mais demandadas . *
3ª sesión	Procedemento para solicitar un posto de traballo: A entrevista, o currículo,.....*
4ª sesión	Emprego público, emprego privado. As Forzas Armadas, *
5ª sesión	Os Bacharelatos: modalidades, optatividade, etc*
6ª sesión	Os Bacharelatos: modalidades, optatividade. Saídas*
7ª sesión	Os ciclos formativos*
8ª sesión	Os ciclos formativos*
9ª sesión	Recollida e resumo da información e dos cuestionarios
10ª sesión	Resumo final. Toma de decisión,

* O longo das sesións, entregaráselles o alumnado distintos materiais para favorecer a reflexión deles e das familias e a toma de decisións a reflexión sobre as características propias escolares e persoais, os intereses, as posibilidades propias e do entorno, etc.
g.- Alumnado de Bacharelato
Dado que non existe unha hora específica de titoría co alumnado desta etapa, a orientación realizarase utilizando tres estratexias básicas:
1.- Orientación persoal e directa, nos períodos establecidos para este efecto no horario do Departamento. Salvo motivos excepcionais, esta atención farase no horario de lecer para o alumnado.
2.- Elaboración de trípticos, carteis, etc, que se entregarán ao alumnado cando sexa preciso: convocatorias de probas, informacións das distintas ensinanzas, prazos, becas, etc..
3.- Actualización da paxina web do Instituto. A través dos titores e do profesorado animarase ao alumnado a utilizar a información e os recursos que se van colgando na páxina(cuestionarios en liña, enlaces a outras páxinas de interese, etc.
Por outra banda, continuaremos coa Xornada de orientación académica para alumnos de Bacharelato en

colaboración coa CIUG, coa Escola Mestre Mateo e con Centros de FP da cidade. Celebrarase unha xornada de orientación universitaria a que se invitará ás tres universidades galegas. Para realizar esta actividade necesitase a colaboración tanto do equipo directivo como dos diferentes departamento e profesorado. Tamén se invitará á Escola de Arte Mestre Mateo para informar sobre os graos de deseño, as ensinanzas de artes plásticas, probas, etc.
Valorarase a necesidade de pedir a colaboración do Exército, Policía ou Garda Civil para informar sobre estes estudos e empregos.

AVALIACIÓN DO P.O.A.P

A avaliación deberá ser abordada desde dúas perspectivas. Por unha banda, desde o seguimento continuado das actuacións desenvolvidas, no sentido de servir para introducir os cambios que estimemos oportunos, e retroalimentar todo o proceso, dándolle un carácter formativo, neste caso referímonos a unha avaliación de proceso. E unha avaliación final ou de produto, como aquela que implica unha valoración dos resultados finais, ao termo de todo o proceso ou de cada fase e utilizar estes resultados como análise inicial para a implementación da fase seguinte ou de programas futuros.
Valorarase:
- As actuacións de orientación académica e profesional desenvolvidas en cada grupo.
- As incorporadas polo profesorado nas súas programacións didácticas.
- As actuacións do orientador relacionadas coa orientación académica e profesional. Os resultados hanse de incluír na Memoria Final.
- As levadas a cabo por axentes externos (CIUG, Universidades, Escolas da arte, Exército, ….).

Procedementos
* Análise continua do proceso a través das reunións de coordinación establecidas:
Titores e titoras, Equipo Educativo , Profesorado dos Departamentos Didácticos, Axentes externos, .
* Cuestionarios sinxelos para todos os axentes implicados na implementación dos programas: alumnado, familia, titores e titoras, profesorado.
* Seguindo os procedementos establecidos nos documentos de planificación e incluíndo os resultados da valoración nos documentos de avaliación.
* Memoria Final de Curso, que inclúa as distintas conclusións acadadas.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O D.O. no desenrolo das súas funcións ten previsto establecer contacto e colaboración con outros Equipos de profesionais ou institucións, co fin de planificar unha resposta axeitada ás necesidades e características dos noso alumnado.

Por motivos derivados da COVID-19, a realización das actividades extraescolares quedan supeditadas á evolución da pandemia

10.1.- RELACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

Entre outros coordinarase: Os centros de Primaria de onde proceden os noso alumnado. O CAFI, outros D.O , Universidades galegas, Consellería de Educación, Oficina de emprego local, Servizos sociais do Concello, Consellería de familia, muller e xuventude, etc., Cruz Roxa, UMAD (Unidade Municipal de atención a Drogodependentes), Programa Quérote da Dirección Xeral de xuventude.

Para o curso 20-21 propoñemos as seguintes actividades:

10.2.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2020-21

Programa de educación para a saúde (consumo de substancias, alcohol…) e redes sociais (móbil, internet…) organizado polo Concello de Santiago e levado ao cabo por Educadores do mesmo Concello. Está por establecer a que grupos se dirixe, posto que é unha actividade que depende dos presupostos municipais

Temas

1ªsesión: conceptos básicos relacionados con condutas aditivas.

2ªsesión: O alcohol. Información.

3ªsesión: que tipo de información que transmitimos a través das redes sociais?.

4ªsesión: ciberbullying. Vítima, agresor, espectadores.

Programa Contra a Violencia de Xénero do día 25 de Novembro ao cargo da CRUZ VERMELLA. (ao cargo dos voluntarios da cruz vermella)

OBRADOIROS PARA Ó ALUMNADO DE 1º DA ESO. Serán dúas sesións cun total de 100 minutos con cada curso para conmemorar o DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Programa de educación afectiva – sexual QUÉROTE+. OBRADOIROS PARA Ó ALUMNADO DE 3º DA ESO. Serán dúas sesións cun total de 100 minutos levadas ao cabo por una educadora do Centro Querote + de Santiago

PLAN DIRECTOR DA CONVIVENCIA: CHARLAS NOS CURSOS DE 1º A 4º DE ESO (cabe a posibilidade de xuntar dous cursos). charlas que serán levadas ao cabo pola Policía. A súa temática irá destinada ao coñecemento e profundización sobre: redes sociais, acoso escolar, violencia de xénero .

XORNADA DE INFORMACIÓN sobre o acceso á Universidade por parte da CIUG.

Alumnado de 2º DE BACHARELATO (2º- 3º Trimestre)

PRESENTACIÓN DAS UNIVERSIDADES GALEGAS:

Presentarán a súa oferta de titulacións no centro escolar para 2º DE BACHARELATO. Levaranse ao cabo no 2º/3º Trimestre.

PRESENTACIÓN DAS ESCOLAS SUPERIORES DE DESEÑO: DE DOCENTES DAS Escolas Superiores de deseño Mestre Mateo e Pablo Picasso, da Escola de Arte dramático de Vigo e da Escola de Restauración de Bens culturais de Pontevedra

PRESENTACIÓN DOS CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL:

Presentarán a súa oferta de titulacións no centro escolar para 4º DE ESO, 1 E 2º DE BACHARELATO.

Visita a feiras e/ou exposicións que realice a Consellería dirixida a alumnado de 4º de Eso e 1º de Bacharelato. En función das datas nas que se convoque, estudarase se pode acudir o alumnado de 2º de Bacharelato

ACTIVIDADES VOLUNTARIAS DE ASISTENCIA A PRESENTACIÓN DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS INTERESADAS EN DAR A COÑECER A SÚA OFERTA.

Estas actividades desenvolveranse nos recreos ou fóra do horario lectivo e irán destinadas a todo o alumnado interesado.

OUTRAS ACTIVIDADES SEN DETERMINAR QUE PUIDERAN IR XURDINDO AO LONGO DO CURSO 2020-21

Ao longo do curso diferentes organizacións ou institucións ofertan actividades. O seu interese e oportunidade valorarse no momento da proposta

COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación reunirase unha vez ao mes, segundo o recollido no artigo único da ORDE do 4 de xuño de 2012, pola que se regulan determinados aspectos do horario dos profesores.
Para curso 2020-21, establecese o último martes de cada mes en sesión de 18.30 a 19.30

HORARIO DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO

12.1.- Horario da profesora de apoio

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.50-9.40					
9.40-10.30	1º B		2ºB	1ºA	1ºA
10.30-10.50					
10.50-11.40	1º A		1ºA	2ºA	1ºB
11.40-12.30	2ºA	1ºB	1ºB	1ºA	2ºB
12.30-12.50					
12.50-13.40	2ºA	1ºB			1ºA
13.40-14.30				2ºA	2ºA

12.2. Horario do orientador

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.50-9.40		GARDA	GARDA	GARDA	
9.40-10.30	DO	XD	XD	XD	DO
10.30-10.50	ALUMNOS				ALUMNOS
10.50-11.40	DO	DO	RNP	DO	DO
11.40-12.30	DO	DO	DO	DO	DO
12.30-12.50	ALUMNOS				ALUMNOS
12.50-13.40	DO	DO	DO		

ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NO CASO DE CONFINAMENTO

No caso que haxa que confinarse e non poder seguir as actividades por vía ordinaria, adoptaran se as seguintes medidas: 3
-En relación ao Plan de atención á diversidade: na programación da aula de Pedagoxía terapéutica está establecido a maneira na que se vai seguir atendendo ao alumnado con necesidades de apoio. No caso que haxa alumnos novos con necesidades de atención, valorarase, nese momento, a maneira na que se pode facer unha valoración de necesidades e a forma de darlle atención.
- En relación ao plan de acción titorial, correspóndelle aos titores/as desenvolver este plan. a través da aula virtual do Instituto e mediante a creación de cursos para 1º, 2º, 3º, 4º, e bacharelato, daráselle ao profesorado titor materiais para desenvolver o seu traballo. Tamén se pon á disposición do profesorado os materias que se recollen no blog do departamento:
http://orientaste.blogspot.com/. Outra fonte de recursos para desenvolver está a disposición no blog específico de titoría:
https://www.blogger.com/blog/posts/7999787310412027052#allposts/src=sidebar.
Para atender ás familias, está á súa disposición os materias que se van aportando no blog:
https://www.blogger.com/blog/posts/2660345324135683421#allposts/src=sidebar
En relación ao Plan de orientación académica e profesional, as actividades previstas iranse desenvolvendo a través do plan de acción titorial e coas actividades específicas que están programadas. Algunhas destas actividades, desenvolveraas o orientador directamente. Para elo fará uso do correo corporativo do Instituto www.sar.orientación@iesdesar,org para relacionarse ditrectamente cos grupos da ESO e do Bacharelato.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Todo programa ou plan precisa ser avaliado para así coñecer o grado de consecución dos obxectivos previstos no mesmo, identificando os acertos e os erros cometidos, e propoñendo posibles melloras de cara a unha intervención futura.
Esta avaliación afrontarase en tres momentos:
- Avaliación inicial, permitindo coñecer a realidade ou estado do alumnado antes de aplicar o plan.
- Avaliación continua ou formativa, relacionada coas modificacións que se poden producir ó longo da marcha do plan.
- Avaliación final, relacionada coa análise dos resultados, co fin de detectar e reflexionar sobre aqueles aspectos que interesa cambiar ou modificar de cara ó próximo curso.
A avaliación debe ser sistemática e continua, é dicir, coa responsabilidade compartida por todo o equipo docente; e deberá levarse a cabo durante todo o proceso educativo, sen cinguirse a un momento determinado ou puntual, senón que debe impregnar o desenvolvemento do plan mesmo nas súas distintas fases.
De cara a avaliación, teranse en conta:
- As observacións realizadas dende o propio departamento por parte de todos e cada un dos seus membros.
- As suxestións e información provenientes dos profesores, alumnos e pais.
- As valoracións de instancias externas ó centro, como poden ser o servizo de inspección.
Como criterios de avaliación concretos para determina-la calidade do Plan de Orientación consideraremos os seguintes aspectos:
* Adecuación do Plan de orientación ás necesidades reais do Centro.
* Adecuación dos obxectivos e contidos de cada plan específico ás necesidades detectadas
* Logros acadados co referente dos obxectivos previstos.
* Adecuación da temporalización.
* Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
* Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
Cos datos recollidos trimestralmente elaborarase a memoria ó finaliza-lo curso
A avaliación e seguimento da programación farase a dous niveis: a nivel interno e a nivel externo.
Por un lado, a avaliación de cada programa queda descrito no seu apartado a súa realización.

En termos xerais, a metodoloxía da avaliación será como segue:
A nivel externo, mediante as correspondentes follas de avaliación de titoría que se aplicarán cada trimestre e mediante as fichas de opinión do alumnado/as sobre as diversas actividades que se realicen de actividades.
A nivel interno, realizaranse tres reunións de departamento específicas, que se corresponderán coas datas de avaliación xeral do centro. Nestas reunións, por unha banda revisaranse as opinións emitidas polo alumnado, e por outro farase un seguimento do nivel de aplicación do plan de acción titorial e do plan de orientación académico e profesional. Así como tamén se fará un seguimento das medidas de atención á diversidade que se estean a se aplicar.
As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no Plan nos vindeiros cursos.

Santiago, 5 de Outubro de 2020

O Xefe do Departamento de Orientación

Asdo.: Jesús García